

1	DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL	2
1.1	SITUACIÓN XEOGRÁFICA	2
1.2	ANÁLISE DO MEDIO NATURAL	4
1.2.1	CLIMA.....	6
1.2.2	VEXETACIÓN.....	7
1.2.3	FAUNA.....	10
1.2.4	LITOLOXÍA	12
1.2.5	USOS DO SOLO	14
1.2.5.1	Superficie en zona desfavorecido ou de montaña.....	16
1.2.5.2	Superficie sometida a protección medioambiental	16
2	ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA	18
2.1	VOLUME E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN.....	18
2.2	EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.	19
2.2.1	DINAMICA DEMOGRÁFICA.....	21
2.2.1.1	Natalidade e mortalidade. Taxa de crecemento vexetativo	22
2.2.1.2	Movementos migratorios	23
2.3	ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA	24
2.4	NIVEL DE INSTRUCCIÓN	28
2.5	INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA	29
2.5.1	Indicadores municipais da renda dos fogares.....	29
2.5.2	Infraestructuras de Transporte e Comunicacóns.....	30
2.5.3	Infraestructuras de saneamento	31
2.5.4	Equipamento público.....	32
2.6	TECIDO ASOCIATIVO	32
3	O MERCADO DE TRABALLO.....	33
4	ANÁLISIS SECTORIAL.....	36
4.1	SECTOR PRIMARIO	39
4.1.1	O VIÑO.....	39
4.1.2	A CASTAÑA.....	40
4.1.3	O GANDO	41
4.2	SECTOR SECUNDARIO.....	41
4.3	SECTOR TERCIARIO.....	43
4.4	CONCLUSIÓN.....	47
5	DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES	49
5.1	DEBILIDADES	49
5.2	AMENAZAS	50
5.3	FORTALEZAS	50
5.4	OPORTUNIDADES	51
5.5	CADRO DAFO RESUMEN.....	52
6	OBXETIVOS E FILOSOFÍA DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO.....	53
7	LIÑAS XENÉRICAS DE ACTUACIÓN	55
7.1	DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL.....	55
7.2	MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO NATURAL	56
7.3	DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA:	57
8	COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.....	60

DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL

1.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA

A comarca de Valdeorras está situada no extremo nororiental Ourensán. Linda con León polo nordeste, Zamora polo sueste, polo oeste con Quiroga e Terra de Trives, e co concello de Viana do Bolo polo sudoeste (Figura 1).

Estas terras caracterízanse por estar moldeadas por un profundo val fértil e luminoso polo que discorre o río Sil, e de redor as cumbres máis altas de Galicia, nun paisaxe de granito e lousa. O cauce do río marca as diferencias xeolóxicas dos seus solos. Terras roxas e negras onde crece o castaño, a vide e o olivo.




Figura 1: Localización da comarca de Valdeorras. Fonte Wikipedia

Valdeorras, terra cruzada de este a oeste pola vía XVIII o Vía Nova que comunicaba Braga con Astorga, foi terra de paso e destino das lexións romanas que viñeron a explotar os seus recursos auríferos e onde, ó amparo dun microclima especial mediterráneo-oceánico, plantaron as primeiras cepas e construíron lagares.

A esta comarca de 969,2 Km² pertencen os concellos de: O Barco de Valdeorras, A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras (Figura 2).



Figura 2: Delimitación dos concellos dentro da comarca de Valdeorras

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2007, a comarca suma unha poboación de 28740 habitantes, con una densidade media de 29,7 habitantes/ Km² .

A articulación do espazo comarcal contorna ás vías de comunicación propician a vinculación de cada un dos termos municipais da comarca de Valdeorras entre sí. En comparación con outras comarcas galegas posúe a peculiaridade de que o seu centro gravitacional é unha especie de corredor urbano, a partir do cal distribúese o resto do territorio (Figura 3), repartíndose a poboación preferentemente ao longo dos cursos fluviais; rodeando estes espazos cunha orla montañosa cunha densidade de poboación extremadamente débil. Os principais asentamentos poboacionais atópanse en O Barco de, A Rúa e Petín.



Figura 3 : Principais accesos aos concellos. Fonte: Xunta de Galicia

Ten unha elevada accesibilidade, tanto en relación a Galicia como ao exterior, principalmente coas terras leonesas do Bierzo, a través da carretera N-120, que actúa como eixe de crecemento económico e demográfico. Esta posición é un dos principais accesos a Galicia e confírelle un elevado potencial de desenvolvemento.

1.2 ANÁLISE DO MEDIO NATURAL

O espazo comarcal está enmarcado coa Serra do Courel (Montouto e Cabezón) que, con altitudes que roldan os 1.000-1.400 metros, delimítana polo norte. A Serra do Eixe, da Calva e Segundeira superan os 1.400 metros de altitude, e constitúen a barreira natural coas terras de León e Zamora. Aquí atópase Pena Trevinca (Figura 4), con cunha altitude segundo o Instituto Xeográfico Nacional de 2.127 metros (sobre o nivel do océano Atlántico esa altitude é de 2.124 metros), que representa a maior altitude da Comunidade Autónoma. As Bacarizas, estribos nororientais do macizo de Manzaneda, establecen polo oeste o límite provincial con Lugo.



Figura 4: Vista panorámica de Pena Trevinca

O Sil circula en sentido Este-Oeste (Figura 5), aproveitando a profunda e ancha fosa tectónica, producto dos movementos xeolóxicos durante a época Terciaria, formando eixe vital da comarca que é a zona de tránsito entre a meseta e Galicia. Este río uniu histórica e xeográficamente as terras de Valdeorras coas do Bierzo.

Entra na comarca pola zona de Covas, en Rubiá, discorre en dirección Sur, encaixado entre os paredóns calizos, pouco antes do seu represamento no embalse de Penarrubia. O seu discorrer marca o límite entre Galicia e León, ata pouco despois de recibir as augas do afluente Eirós, pola marxen dereita. Volven a represarse as súas augas no encoro de Pumares situado en Carballeda de Valdeorras. A partir de este punto e ata saír da comarca o seu percorrido leva dirección Este-Oeste, a través da fosa tectónica de Valdeorras.

Pasado Sobradelo, o Sil recibe pola súa marxe esquerda ao río Casoio. O Casoio posúe unha conca hidrográfica moi degradada polas explotacións de lousa. As súas augas proceden dos cumios da Serra do Eixe. No seu tramo alto encontrase paraxes como Foio Castaño e o Teixadal de Casaio.

Pouco despois de recibir as augas do río Casoio, e pola mesma marxen, recolle o Sil, as augas do Candís e Do Candeda que proceden dos altos da Moneda, namentres que pola outra marxen recolle o río Éntoma. Xa polas terras de O Barco e Vilamartín, o Sil recibe os afluentes de regatos como o Cigüeño, Mariñán, Farelos, Leira, Balado e Fervenza.

Pasado este tramo, o Sil volve a se represado, primeiramente no pequeno embalse de Santiago e pouco despois no de San Martiño, aquí o val se amplía entre Petín e A Rúa, para pouco antes de abandonar a comarca volver a quedar encaixado entre as paredes rochosas que marcan as últimas elevacións da serra de Cereixido e os altos que pechan Larouco pola parte occidental.



Figura 5:Plano da Conca do Sil na comarca de Valdeorras.Fonte:SITGA. Xunta de Galicia

1.2.1 CLIMA

Como consecuencia das características físicas de Valdeorras, existe un microclima de carácter mediterráneo-continental, non que se produce un esbanzamento térmico e pluviométrico dende o val ata as cimas das súas alienacións montañosas.

No val do Sil, de invernos fríos e veráns calorosos con febles precipitacións invernaís acompañadas dunha longa seca estival. A medida que vamos gañando altitude disminúen as temperaturas medias e se incrementa a pluviometría até 1300-1500 mm (Figuras 6 e 7).




Figura 6: Mapa de temperaturas medias anuais en Galicia. Fonte teleformacion.edu.aytolacoruna.es




Figura 7: Mapa de precipitacións medias anuais en Galicia. Fonte: teleformacion.edu.aytolacoruna.es

Como conclusión, da relación existente entre os diferentes elementos climáticos, segundo Pérez Iglesias e Romaní Barrientos (1986) no territorio poden facerse referencia o matiz suboceánico do val do Sil. A zona de montaña suboceánica e a unha área intermedia de transición entre ambas. Na primeira, a área unidade, encontrase rodeada de elevacións que superan os 1000m e que actúan como barreiras ante os ventos do sudoeste, contribuíndo ao descenso das precipitacións e ao aumento da temperatura, e dando lugar tamén a un elevado déficit hídrico e aridez estival por encima dos tres meses, como é característico das zonas con clara influencia mediterránea. Na zona montañosa aparecen características do clima oceánico continental, onde os invernos son fríos, con maior precipitación e as xeadas están presentes, mentres que os veráns son suaves e relativamente frescos. A zona comprendida entre ambas presenta características intermedias, baixando a temperatura e aumentando a cantidade de choiva recollida progresivamente a medida que se ascende e descendendo o déficit hídrico. Os veráns son calorosos e hai uns dous meses de sequía estival.

1.2.2 VEXETACIÓN

As especiais condicións da área de montaña, sometida ao importante déficit estival de precipitacións e caracterizada por importantísimos afloramentos calcarios, na que coinciden vales moi abrigados con paredóns de grande altura e verticalidade, propician a existencia dun excepcional plantel de comunidades vexetais de ámbito moi restrinxido ou que manteñen nestes lugares as súas mellores representacións en Galicia.

De maneira coincidente, estas comunidades albergan multitude de taxons vexetais raros, ameazados e de distribución marxinal ou moi restrinxida na Comunidade Autónoma. A área está enclavada bioxeograficamente na rexión mediterránea, aínda que limitando coa rexión eurosiberiana, e adscíbese coroloxicamente ao subsector berciano do sector ourensano-sanabrés, pertencente á provincia carpetano-ibérico-leonesa. Os fondos de val correspóndense co piso mesomediterráneo, cuxos elementos se entremesturan cos do piso supramediterráneo nos cumios da serra.

A zona abarca a mellor representación de vexetación mediterránea en Galicia e nel describíronse un total de 16 asociacións ou comunidades vexetais naturais e seminaturais, entre as que se contan bosques mediterráneos calcícolas, espiñeirais, salgueirais, tomiñeiras, vexetación de paredóns calcarios e diversos tipos de pasteiros.



Figura 8: Paisaxe nos montes de Acebedo e Morteira. A Veiga

A riqueza florística é elevadísima, coñecéndose a existencia de máis de 450 taxons de flora vascular, dos que 62 teñen nesta área calcaria as súas únicas poboacións en Galicia, mentres que outros 55 taxons, tamén calcícolas ou parcialmente calcícolas, aparecen noutros puntos da Comunidade Autónoma, aínda que en parte restrinxidos a este e outros afloramentos calcarios. Polo menos 40 taxons son endémicos da península Ibérica e seis sono de Galicia (*Armeria rothmaleri*, *Campanula adsurgens*, *Dianthus merinoi*, *Leontodon farinosus*, *Petrocoptis grandiflora*, *Rhamnus pumila* subsp. *legionensis*). Como mínimo, considérase que 26 destes taxons son raros ou encóntranse ameazados en Galicia.

De moi especial significación son as comunidades ligadas a rochedos calcarios, e en particular a asociación de caméfitos propia de paredóns verticais (*Petrocoptidetum grandiflorae* e *Saxifragetum trifurcatae*), nas que a cantidade de endemismos, algúns de distribución moi reducida, é moi alta, incluíndo a *Campanula adsurgens*, *Crepis albida* subsp. *asturica*, *Festuca burnatii*, *Leontodon farinosus*, *Petrocoptis grandiflora* (incluída no anexo II da Directiva hábitats), *Rhamnus pumila* subsp. *legionensis* e *Saxifraga trifurcata*.

Tamén relacionados con solos calcarios, posúen igualmente unha gran relevancia as tomiñeiras de *Thymus zygis* (asociación *Ononido pusillae-Thymetum zygidis*), propias do subsector berciano e únicas en Galicia, así como diferentes tipos de pasteiros calcícolas mediterráneos e orocantábricos, presentes na área de Oulego. Estas comunidades son o hábitat de *Armeria rothmaleri* e *Dianthus merinoi*, tamén endémicas de ámbito reducido.

Entre a vexetación arbórea e arbustiva predominan os aciñeirais de carácter calcícola (asociación *Genisto hystricis-Quercetum rotundifoliae*), que recobren máis dunha terceira parte do espazo natural e son os máis extensos de Galicia. Están caracterizados pola aciñeira (*Quercus ilex* subsp. *ballota*) e o érbedo (*Arbutus unedo*) acompañados por arbustos mediterráneos como *Genista hystrix*, *Phyllirea angustifolia* ou *Pistacia terebinthus*, e, dependendo da altura, da profundidade dos solos e da orientación, pola sobreira (*Quercus suber*), a abeleira (*Corylus avellana*), e o cancreixo (*Sorbus aria*), e en cuxos claros aparecen a lavanda (*Lavandula stoechas*) e diferentes especies de xaras (*Cistus* spp.).

Tamén característicos da zona son os espiñeirais que aparecen nas orlas dos aciñeirais (asociación *Rubo ulmifolii-Rosetum corymbiferae*), integrados por numerosos arbustos espiñosos e plantas rubideiras, na súa maior parte produtores de froitos carnosos, entre os que cabe significar diferentes especies de cerdeiras (*Prunus avium*, *Prunus mahaleb*), abruñeiros (*Prunus spinosa*), escornacabras (*Pistacia terebinthus*), espiños albares (*Crataegus monogyna*), roseiras silvestres (*Rosa* spp.) e silvas (*Rubus ulmifolius*).

Presentan tamén un grande interese os salgueirais riparios, que, a pesar de se atoparen limitados pola influencia do encoro de Penarrubia, se corresponden cunha asociación propia do tramo do Sil a cabalo das provincias de Ourense e León (*Salicetum angustifolio-salviifoliae*), na que se dá unha gran variedade de salgueiros (*Salix atrocinerea*, *Salix elaeagnos* subsp. *angustifolia*, *Salix neotricha*, *Salix salviifolia*), acompañados polo lodoeiro (*Celtis australis*), o freixo (*Fraxinus angustifolia*), e o ameneiro (*Alnus glutinosa*). Pola súa parte, os vellos soutos de castiñeiros contan cunha notable extensión e están ben implantados nos arredores de aldeas, como en Oulego, Covas, Biobra o Pardollán, conservando exemplares centenarios.

Os xarais mesomediterráneos de *Cistus ladanifer*, as matogueiras de *Pterosparto-Ericetum aragonensis*, caracterizados por *Erica australis* e *Chamaespartium tridentatum*, e os pasteiros vivaces de *Helianthemo cantabrici-Brometum erecti* son outros hábitats seminaturais de importancia, os dous últimos incluídos no anexo I da Directiva hábitats.

1.2.3 FAUNA

A pesar de que aínda non é ben coñecida, a fauna de invertebrados conta con varias especies de interese, algunhas delas incluídas no anexo II da Directiva hábitats. Entre estas destaca o ameazado cangrexo de río autóctono (*Austrapotamobius pallipes*) cuxa presenza en Galicia está reducida a moi poucos puntos das provincias de Lugo e Ourense. A vacaloura (*Lucanus cervus*), e o cerambícido (*Cerambyx cerdo*) entre os coleópteros e o ninfálido (*Euphydryas aurinia*) entre os lepidópteros, son insectos presentes na zona e amparados pola citada directiva.

De acordo coas especiais condicións climáticas e posición bioxeográfica da área, así como coa variedade de hábitats, e moi en particular coa existencia dun gran macizo calcario, a fauna de vertebrados é unha das máis ricas de Galicia e posúe numerosas especies pouco comúns ou de distribución restrinxida nesta Comunidade Autónoma. O catálogo rolda as 200 especies, estando inventariadas 8 especies de peixes, 10 de anfibios e polo menos 13 de réptiles, 125 de aves e 39 de mamíferos.



Figura 12: Corzo en los MVMC de Xares

Seis das oito especies de peixes son autóctonas e varias delas están ameazadas en España, como a anguía (*Anguilla anguilla*), o cacho (*Squalius carolitertii*), a boga (*Chondrostoma arcasii*), a boga do Douro (*Chondrostoma duriense*), e o espiñoso (*Gasterosteus gymnurus*), que habitan nas augas encoradas do Sil. Desafortunadamente, tamén se encontran dúas especies introducidas, a carpa (*Cyprinus carpio*), e a perca americana ou black-bass (*Micropterus salmoides*).

Entre os herpetos predominan os elementos ligados a ambientes secos e pedregosos, tipicamente mediterráneos, con poucas especies propias de zonas húmidas ou de ámbito eurosiberiano, as cales, a excepción dalgunha como a ra verde (*Rana perezi*), ou as cobras de auga (*Natrix spp.*), normalmente tampouco son abundantes.

Os aciñeirais, as matogueiras e os pastos calcícolas acollen a maior parte das especies máis características, como son a lagarta rabuda (*Psammodromus algirus*), a lagarta cincenta (*Psammodromus hispanicus*), e a rica comunidade de ofidios, presidida polas cobras rateira (*Malpolon monspessulanus*), e riscada (*Rhinechis scalaris*).

A existencia de grandes cortados calcarios, a abundancia de froitos carnosos en espiñeirais, os ambientes agropecuarios ben integrados e, en suma, a elevadísima diversidade de hábitats nunha área de transición bioclimática son determinantes da existencia da comunidade de aves nidificantes máis rica e singular da Comunidade Autónoma de Galicia, con máis de 100 especies, unha excelente representación de avifauna rupícola e mediterránea no ámbito galego e unha rica comunidade de aves rapaces.

Entre estas últimas destaca a presenza de polo menos 21 especies, incluíndo entre as nidificantes (12 especies diúrnas e 6 nocturnas) o voitre branco (*Neophron percnopterus*) (única parella en Galicia, aínda que de cría non regular), a aguia real (*Aquila chrysaetos*) (1 parella), a aguia cobreira (*Circaetus gallicus*) (2-3 parellas), a aguia calzada (*Hieraetus pennatus*) (2-3 parellas), o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) (3 parellas), e o bufo real (*Bufo bufo*) (1 parella). Tamén se rexistrou a presenza da aguia perdigueira (*Hieraetus fasciatus*), moi rara en Galicia.

Ademais, entre a avifauna rupícola reprodutora están a pomba das rochas (*Columba livia*) (maior poboación galega), o andoriñón real (*Apus melba*) (13 parellas e única poboación no interior de Galicia), a andoriña dos penedos (*Ptyonoprogne rupestris*), a andoriña dáurica (*Hirundo daurica*), os merlos rubio (*Monticola saxatilis*), e o solitario (*Monticola solitarius*), o corvo (*Corvus corax*), a gralla pequena (*Corvus monedula*), e a choia (*Pyrhacorax pyrrhacorax*) (10-15 parellas e poboación non reprodutora de máis de 100-150 exemplares, un dos mellores puntos de Galicia), notándose tamén neste mesmo medio a presenza invernal dos pouco comúns azulenta alpina (*Prunella collaris*), e gabeador vermello (*Trichodroma muraria*).

Hai unha variada mestura de avifauna eurosiberiana e mediterránea, ligada a aciñeirais, soutos, espiñeirais e matogueiras, con numerosas especies de distribución bioxeográfica marxinal, moi localizada ou mesmo única na Comunidade Autónoma, como o picanzo cabecirrubio (*Lanius senator*), o papamoscas cincento (*Muscicapa striata*), o rabirrubio de testa

branca (*Phoenicurus phoenicurus*), a papuxa carrasqueira (*Sylvia cantillans*), a papuxa real (*Sylvia hortensis*), o pardal das rochas (*Petronia petronia*), ou o bicogroso (*Coccothraustes coccothraustes*).

Hai un pequeno continxente de aves acuáticas no encoro de Penarrubia, entre as que cabe mencionar, como invernantes, o mergullón cristado (*Podiceps cristatus*), e o pato cristado (*Aythya fuligula*).

A lista de mamíferos é das máis completas de Galicia, estando confirmada a presenza de 39 especies, aínda que se podería chegar ás 50 cunha prospección máis detallada, segundo se desprende do próximo da área de distribución e dos requirimentos de hábitat dalgúns posibles compoñentes.

É ben coñecida e do máximo interese a riqueza da comunidade de quirópteros, dos que están presentes polo menos 9 especies, incluíndo algunhas raras e de distribución marxinal en Galicia, como o morcego mediterráneo de ferradura (*Rhinolophus euryale*), o morcego das ribeiras (*Myotis daubentonii*), o morcego das covas (*Miniopterus schreibersii*) (con importante poboación a nivel estatal), ou o morcego rabudo (*Tadarida teniotis*).

Tamén é destacable a variedade e abundancia de carnívoros, entre os que cabe citar o gato bravo (*Felis sylvestris*), a lontra (*Lutra lutra*), o armiño (*Mustela erminea*), o teixón (*Meles meles*), o tourón (*Mustela putorius*), e a garduña (*Martes foina*). Menos frecuente é o lobo (*Canis lupus*), que parece presentarse ocasionalmente na zona.

O oso pardo (*Ursus arctos*), existente polo menos ata o século XIX e extinguido, visitou novamente estas serras nos últimos anos nalgúns ocasións.

Os grandes herbívoros do parque son o corzo (*Capreolus capreolus*), e o xabaril (*Sus scrofa*), que acadan boas densidades e ocupan sobre todo os aciñeirais.

1.2.4 LITOLOXÍA

A litoloxía da comarca inflúen en grande medida na vida diaria da comarca, xa que define a base da economía.

A zona de estudo atópase localizada nas follas nº 228 (Viana do Bolo) e 229 (Enciendo) do mapa xeolóxico de España a escala 1:50.000. Pertence o dominio xeolóxico centroibérico.

Como se pode observar na figura 14, na comarca de Valdeorras predominan as rocas metamórficas, en este caso a lousa, definíndose algúns afloramentos de rocas graníticas nos concellos de A Veiga e O Bolo.





Figura 14: Mapa litolóxico de Valdeorras. Fonte: SITGA. Xunta de Galicia

As formacións predominantes son rocas graníticas hercínicas: granitos de dous micas moderadamente leucocráticos, granitos de dous micas con mega cristais, granitos e granodioritas predominantemente biotíticos e granitos de dúas micas moi leucocráticos. Pizarras, filitas, cuarcitas e ampelitas con matevulcanitas del Paleozóico Ordovícico, Metamórfico (indiferenciado) do Cámbrico e pizarras do Silúrico.

Os solos dominantes na comarca son de desenrolo moi limitado, solos moi delgados sobre rocha ou en pendiente fortes, Ustorthent, Xerorthent e Dystrochrept (figura 15).



Cód	Orden	Suborden	Grupo	Asociación
(44)	Entisol	Orthent	Xerorthent	Ustorthent/Hamplumbrept/Ustochrept
(80)	Inceptisol	Ochrept	Ustochrept	Ustochrept/Ustorthent/Haplumbrept
(97)	Histosol/Inceptisol	Umbrept	Cryumbrept	Cryumbrept/Cryochrept
(107)	Spodosol	Orthod	Haplorthod	Haplorthod/Haplumbrept

Figura 15: Mapa de solos da comarca de Valdeorras. Fonte: irnase.csi.es

1.2.5 USOS DO SOLO

Os usos do solo na comarca diferencian claramente a zona de val, salpicada por numerosas explotacións de viñedos, e a zona de montaña, onde predomina a gandería tradicional e de montaña (figura 16). A medida que se vai ascendendo en altura cara os cumios que limitan as marxes dos valles, os viñedos van dando paso aos bosques de castiñeiros, piñeiros de repoboación e matogueiras.




Figura16:Mapa de usos do solo Valdeorras. Fonte: SITGA. Xunta de Galicia

O dominio da superficie forestal (táboa 1) concéntrase nas zonas montañosas, onde salienta a presenza de especies típicas da comunidade galega como os castiñeiros e os nogais mesturados con rebolo, alcornoques, aciñeiras e oliveiras, de carácter máis propias de áreas mediterráneas.

Táboa 1: Superficie do solo segundo o seu uso. Fonte IGE. 2004

Concello	Total	SAU	Desarborizada	Arborizada	Forestal
O Barco de Valdeorras	7117	1952	3006	2159	5165
O Bolo	8041	2422	2134	3485	5619
Carballada de Valdeorras	18071	1489	12532	4050	16581
Larouco	2116	511	736	869	1605
Petín	2687	599	935	1153	2088
A Rúa	3067	509	1381	1177	2558
Rubiá	9037	2061	3042	3934	6976
A Veiga	28262	2252	10694	15315	26009
Vilamartín de Valdeorras	7851	1056	4064	2731	6796
Total comarcal	86249	12851	38524	34873	73397

É importante remarcar a gran superficie forestal existente e cuberta de matorral, caracterizada por encontrarse nas zonas máis altas, sobrepasando en moitas ocasións os 1200 m de altitude, onde o crecemento das especies arbóreas se atopa no seu límite altitudinal.

- **Superficie en zona desfavorecido ou de montaña**

Tendo en conta a definición destas superficies segundo o Regulamento (CEE) Nº 1257/99 del consejo, de 17 de mayo de 1999, sobre la ayuda al desarrollo rural a cargo del fondo europeo de orientación y de garantía agrícola (feoga) y por el que se modifican y derogan determinados reglamentos; considérase que toda a superficie da comarca pode incluírse afectada por a consideración de zona desfavorecida ou de montaña.

- **Superficie sometida a protección medioambiental**


Tanto o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra (figura 17) como o macizo de Pena Trevinca (figura 18), ademais de outras medidas de protección ambientais (táboa 2), atópanse incluídos dentro dos lugares da Lista Nacional da Rede Natura 2000 (Dir. 92/43 CEE; Código É1130007; Tipo E; Rexión Biogeográfica Mediterránea).

Táboa 2: Protección ambiental de pena Trevinca e Serra da Enciña da Lastra. Superficies e concellos afectados. Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Denominación	Figuras de protección	Superficie (ha)	Concellos
Peña Trevinca	LIC+ZEPVN	24.860,33	Carballeda de Valdeorras, A Veiga e O Bolo
Serra da Enciña da Lastra	ZEPA+LIC+ZEPVN	3.151,67	O Barco de Valdeorras e Rubiá



Figura 17: Parque natural da Serra da Enciña da Lastra. Fonte: medioambiente.xunta.es



2 ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA

2.1 VOLUME E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN

Anteriormente púxose de manifesto que a comarca área é unha das zonas co relevo máis accidentado de toda Galicia, feito que como veremos, deixa a pegada nas características demográficas da zona.

Segundo os datos publicados no IGE, no ano 2007 (Táboa 3), a comarca presenta unha poboación total de 28740 habitantes, distribuídos sobre unha superficie de 969,2 km² o que representa unha densidade poboacional media de 29,7 habitantes/Km², dato moi inferior a media galega de 94,1 habitantes por quilómetro cadrado.

Táboa 3: Densidade de poboación por concellos ano 2002 e 2007. Total comarcal.Fonte IGE.

Concello	Poboación 2002	Densidade (hab/km ²) 2002
O Barco de Valdeorras	13295	155,1
O Bolo	1345	14,7
Carballeda de Valdeorras	2212	9,9
Larouco	584	24,6
Petín	1125	36,9
A Rúa	5139	143,1
Rubiá	1767	17,5
A Veiga	1387	4,8
Vilamartín de Valdeorras	2467	27,9
Total comarcal	2737370	92,6

Concello	Poboación 2007	Densidade (hab/km ²) 2007
O Barco de Valdeorras	13945	162,7
O Bolo	1187	13,0
Carballeda de Valdeorras	1947	8,7
Larouco	624	26,3
Petín	1066	35,0
A Rúa	4905	136,6
Rubiá	1617	16,1
A Veiga	1204	4,1
Vilamartín de Valdeorras	2247	25,4
Total Galicia	2772533	93,7

A elevada densidade poboacional rexistrada nos concellos de O Barco de Valdeorras (162,7 hab/km²) e no da A Rúa (136,6 hab/km²) contrasta coas baixas densidades obtidas en concellos máis montañosos como o da A Veiga (4,1 hab/km²) e o de Carballeda de Valdeorras (8,7 hab/km²), con rexistros moi por debaixo dos da comarca, da provincia de Ourense e da Comunidade Galega.

O conxunto da poboación do territorio da comarca de Valdeorras representa o 8,5% do total da poboación da provincia de Ourense e o 1% da poboación total de Galicia, sempre segundo datos oficiais do IGE no ano 2007.

2.2 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.

No contexto de poboación galega, caracterizado por unha acentuada dispersión do hábitat, é imprescindible localizar a dinámica demográfica a unha escala menor que a de comarca.

En xeral o descenso de poboación prodúcese en maior ou menor media, e só no concello do Barco presentou un aumento considerable no número de veciños, que fai que se produza un certo estancamento da poboación no total comarcal de 1996 ate 2007 (Táboa 3).

Táboa 3: Evolución da poboación nos concellos da comarca. 1986-2007. Fonte IGE

Concello	1986	1996	2006	2007
O Barco de Valdeorras	10172	11828	13800	13943
O Bolo	3089	1655	1223	1187
Carballeda de Valdeorras	3333	2397	2010	1947
Larouco	898	634	571	624
Petín	1495	1187	1073	1066
A Rúa	5179	5018	4978	4905
Rubiá	3031	1937	1638	1617
A Veiga	3305	1538	1238	1204
Vilamartín de Valdeorras	3095	2537	2321	2247
Total Comarcal	33597	28731	28852	28740

Durante a última década observase como dous son os concellos da comarca que aglutinan a maior parte de poboación, primeiramente O Barco de Valdeorras cun 48,5% da poboación seguido de A Rúa cun 17,1%. O 34,4% restante distribúese entre os outros 7 concellos da comarca. Larouco cun 2,2% e Petín cun 3,7% da poboación son os concellos con menor poboación.

O concello de O Barco de Valdeorras soporta por si solo case a metade de poboación da comarca, debido principalmente ao feito de constituír o lugar de residencia dos traballadores e empresarios vencellados ao sector da lousa.

Deste xeito, O Barco de Valdeorras non soamente aumenta a súa poboación en termos totais intracomarcais, senón que tamén respecto a poboación da provincia, pasando de representar o 3,4% da poboación da provincia de Ourense no ano 1996 ao 4,1% no ano 2007. Con respecto ao total da comunidade de Galicia a poboación do Barco de Valdeorras aumenta dende 0,43% no ano 1996 ao 0,50% no ano 2007.

O asentamento disperso de todo o medio rural de Galicia acentúase nesta zona polo clima e o carácter montañoso destas terras de interior que non lles permite unha agrupación grande de casas, con excepción de fondos de val ou ladeiras pouco pronunciadas. Así presenta unha ocupación discontinua do territorio, típica das zonas interiores, na que cada núcleo individualízase do resto dos demais, aínda que estas son entidades de poboación moi pequenas na maior parte dos casos.

A comarca constitúese por un total de 112 parroquias, distribuídas segundo se mostra na táboa 4.

Táboa 4: Parroquia da comarca segundo o número de habitantes. Fonte IGE 2001.

Concello	Nº parroquias segundo nº de habitantes			Totais
	0-99	100-999	1000-5000	
O Barco de Valdeorras	5	8	1	14
O Bolo	14	4	0	18
Carballeda de Valdeorras	11	6	0	17
Larouco	2	2	0	4
Petín	3	3	0	6
A Rúa	2	0	1	3
Rubiá	6	4	0	10
A Veiga	28	1	0	29
Vilamartín de Valdeorras	5	5	1	11
Total Comarcal	76	33	3	112

O elevado número de parroquias existentes da unha idea do marcado carácter rural da zona. Na gran maioría dos casos, 76 dos 112 (68%), trátase de parroquias con menos de 100 habitantes. Aproximadamente un tercio correspóndese con poboacións con menos de 1000 habitantes e unicamente 3 parroquias teñen máis de 1000 habitantes (2,7%).

As tres parroquias de máis de 1000 habitantes son O Barco (San Amaro) con 10253 habitantes, A Rúa de Valdeorras (San Estevo) con 4978 habitantes e Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo) con 1185 habitantes, o que suma un total de 16416 habitantes, representado ao 57,11% da poboación total da comarca. Esta concentración da poboación é un feito destacable, sobresaíndo por riba do que é habitual na provincia de Ourense, onde a porcentaxe de parroquias con menos de 100 habitantes case alcanza o 90%.

Empregando o índice de ruralidade (táboa 5), calculado como a porcentaxe de poboación residente en entidades con menos de 2000 habitantes pódese obter información acerca da poboación da comarca.

Neste caso a comarca de Valdeorras alcanza para este índice o 47%, dato moi elevado en termos xerais, pero próximo aos valores tipo obtidos para o resto da provincia.

Táboa 5: Índice de ruralidade dos concellos da Comarca de Valdeorras.

Concello	Índice ruralidade
O Barco de Valdeorras	20,9
O Bolo	100
Carballeda de Valdeorras	100
Larouco	100
Petín	100
A Rúa	1,2
Rubiá	100
A Veiga	100
Vilamartín de Valdeorras	100

O concello de A Rúa, con un índice de ruralidade do 1,2% é o que presenta a poboación máis concentrada, xa que unicamente consta de 3 parroquias, soportando unha delas o 98,7% da poboación do concello con 4978 habitantes. Nunha situación intermedia as dúas anteriores atópase O Barco de Valdeorras, cun índice de 20,9%. No resto dos casos o índice de ruralidade é do 100%.

2.2.1 DINAMICA DEMOGRÁFICA

Como xa se apuntou previamente, na última década a comarca de Valdeorras mostra un certo estancamento dende un punto de vista demográfico, observándose claros descensos nos concellos de O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, A Veiga e Vilamartín, que son

compensados co incremento observado no Barco de Valdeorras, mentres que os restantes concellos Larouco, Petín e A Rúa mantéñense estabilizados.

- **Natalidade e mortalidade. Taxa de crecemento vexetativo**

A taxa bruta de natalidade no ano 2006 situase no 6,6‰ (nados vivos por cada mil habitantes), sendo superior á da provincia (5,8‰) pero inferior á da comunidade galega (7,7‰). Con respecto á taxa de mortalidade é do 13,1‰ na comarca, mostrando unha situación contraria á da natalidade xa que é lixeiramente inferior á da provincia de Ourense (13,8‰) pero superior á da comunidade galega (10,6‰)

Na táboa 6 pódense apreciar as grandes diferencias existentes entre os distintos concellos. No tocante á natalidade os valores oscilan entre un mínimo de 1,8 ‰ en Larouco e un máximo de 8,9‰ no Barco de Valdeorras. Respecto á taxa de mortalidade é o concello de O Barco o que presenta a taxa máis baixa cun 7,2 ‰, namentres a máis alta é a observada en A Veiga 30,3‰.

Táboa 6: Taxas de mortalidade e natalidade nos concellos da comarca. Taxa de crecemento vexetativo. Adaptado do IGE. 2006

Concello	Taxa natalidade	Taxa mortalidade	Taxa de crecemento vexetativo 2006(‰)
O Barco de Valdeorras	8,9	7,2	1,7
O Bolo	2	22,1	-20,1
Carballeda de Valdeorras	4,5	14,7	-10,2
Larouco	1,8	20,1	-18,3
Petín	4,7	16,8	-12,1
A Rúa	6,2	14,1	-7,9
Rubiá	3,7	14	-10,3
A Veiga	2	30,3	-28,3
Vilamartín de Valdeorras	4,5	26,5	-22
Total comarcal	6,6	13,1	-6,5
Ourense	5,8	13,8	-8
Galicia	7,7	10,6	-2,9

Como consecuencia dos datos de natalidade e mortalidade anteriores, a comarca de Valdeorras é un territorio cunha taxa de crecemento vexetativo negativo, poñendo de manifesto unha situación regresiva que se dá de forma máis acusada nos concellos de A Veiga, Vilamartín de Valdeorras e O Bolo, con valores inferiores ao -20‰. O único concello cun saldo vexetativo positivo é O Barco cunha taxa de 1,7‰.

• Movements migratorios

É amplamente coñecido que ao longo do século XX a emigración foi un factor decisivo na evolución demográfica en Galicia. A comarca analizada non foi allea a este feito, chegando incluso a ser máis intenso que no resto de Galicia. Sen embargo, a partir da década dos 70 a tendencia invertíuse, pasando dunha situación de perda de poboación a outra de incremento. O desenvolvemento da industria da lousa e as grandes obras hidráulicas de construción de embalses actuaron como acicates na entrada da nova man de obra foránea e no retorno dos antigos emigrantes.

Na actualidade, no conxunto da comarca observase un saldo migratorio positivo de 111 persoas no ano 2006, principalmente promovido pola inmigración cara ao Barco de Valdeorras e Larouco, xa que nos demais concellos o saldo é negativo. A maior perda por emigración rexistrase no concello de A Rúa.

Táboa 7: Movements migratorios nos concellos da comarca de Valdeorras. IGE 2006

Concello	Inmigración	Emigración	Saldo migratorio
O Barco de Valdeorras	619	457	162
O Bolo	39	41	-2
Carballeda de Valdeorras	80	118	-38
Larouco	78	19	59
Petín	52	50	2
A Rúa	136	175	-39
Rubíá	62	65	-3
A Veiga	44	47	-3
Vilamartín de Valdeorras	72	99	-27
Total Comarcal	1182	1071	111

Resulta relevante a importancia da inmigración provinte doutros países (Táboa 8) (198 inmigrantes), sobre todo no concello de O Barco de Valdeorras (124 inmigrantes estranxeiros) causado en gran parte polo retorno de emigrantes xubilados. Outra parte importante da inmigración provén de concellos de Ourense.

O saldo migratorio é negativo no caso das outras provincias de Galicia e tamén con respecto ao resto do país, evidenciando os fluxos cara a zonas urbanas galegas e outras de similar natureza dentro de España.

Táboa 8: Saldo migratorio segundo o tipo de migración. Fonte IGE 2006.

Concello	Intraprovincial	Resto Galicia	España	Internacional
O Barco de Valdeorras	103	-26	-39	124
O Bolo	3	-3	-8	6
Carballeda de Valdeorras	-41	-4	-9	16
Larouco	29	20	6	4
Petín	1	-3	-1	5
A Rúa	-15	-25	-20	21
Rubiá	-9	-2	7	1
A Veiga	-8	4	-4	5
Vilamartín de Valdeorras	-25	-8	-10	16
Comarca	38	-47	-78	198

Neste contexto migratorio, hai que ter en conta a entrada de persoas principalmente dende dous países, Portugal e a República Dominicana, ambas atraídas polas posibilidades de traballo.

A poboación inmigrante feminina, fundamentalmente provinte da República Dominicana, e en menor medida de Cabo Verde, Colombia e Ecuador, atopa acomodo laboral principalmente no sector servizos.

Nos últimos anos observase tamén a chegada de man de obra cualificada á comarca. Por unha banda identifícanse empresarios portugueses na busca de novas oportunidades de negocio na zona, e por outra tamén se rexistra a chegada de profesionais da sanidade procedentes de Arxentina e Chile, e que traballan na súa meirande parte no Hospital Comarcal de O Barco.

2.3 ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

Os datos demográficos presentados ata o momento, de entre os que destacan a baixa natalidade e o retorno dos emigrantes xubilados, fan que xunto co aumento da esperanza de vida se debuxa unha comarca cun marcado proceso de envellecemento.

Como dato de importancia, destaca a baixa porcentaxe de poboación cunha idade inferior aos 15 anos cunha porcentaxe de 11,9% para a comarca, con valores especialmente preocupantes para os concellos de A Veiga (4,9%) e O Bolo (5,1%). Como contraste resulta destacable o peso da poboación maior de 65 anos, cunha porcentaxe media para a comarca de 25,5% similar á de Galicia pero con valores moi preocupantes en concellos como O Bolo e Larouco, onde este rango de idade chega a representar case á metade da poboación (Táboa 9).

Táboa 9: % Poboación segundo grandes grupos de idade. IGE 2006.


Concello	<15 anos	Entre 15 e 65 anos	>65 anos
O Barco de Valdeorras	15,4	68,0	16,6
O Bolo	5,1	45,9	49,0
Carballeda de Valdeorras	8,8	62,1	29,1
Larouco	6,7	49,0	44,2
Petín	8,0	63,8	28,2
A Rúa	11,2	62,7	26,1
Rubiá	7,5	53,4	39,1
A Veiga	4,9	46,5	48,6
Vilamartín de Valdeorras	8,5	56,2	35,3
Total comarcal	11,9	62,6	25,5

O envellecemento da poboación queda patente en todas as pirámides poboacionais do ano 2001 (figuras 18 a 26), tal e como se reflicte no evidente estreitamento da base que indica o descenso progresivo de nacementos.

No intervalo entre 15-30 anos, obsérvase un pequeno aumento con respecto o grupo inmediatamente anterior (inverso ao que teoricamente debería ocorrer para asegurar a poboación).

Entre os concellos estudados, os de o Bolo, Larouco, Rubiá e A Veiga, presentan unha pirámide poboacional claramente invertida, non podéndose asegurar a continuidade da poboación nestas condicións a longo prazo. Nestes concellos os rangos poboacionais con maior presenza son os comprendidos en 65 e 84 anos, tendo deste xeito poucas posibilidades de renovación da poboación.

Non existen grandes diferencias entre sexos seguindo evolucións moi parecidas, aínda que nalgúns casos observase que ao chegar a idades superiores os 65 anos, a maior esperanza de vida das mulleres amosa unha maior proporción para éstas en detrimento da dos homes.



Figuras 18 a 26: Pirâmides poblacionais dos concellos. Fonte IGE 2001.

A comparación das pirámides dos distintos concellos da comarca coa de Galicia (figura 27), amosa a preocupante situación da comarca de Valdeorras que é bastante máis desfavorable que a da comunidade galega que como ben é sabido ten un grave problema de envellecemento de poboación.




Figura 27: Pirámide poboacional de Galicia. Fonte IGE 2001.

Os datos representados nas pirámides de poboación amosan correspondencia coas taxas de envellecemento, que indican a relación entre a poboación de idade superior aos 65 anos coa de idade inferior a 20 anos. As diferencias entre os concellos son evidentes. O concello do Barco de Valdeorras é o que amosa o índice máis baixo (82,2) sendo ademais o único con valores inferiores a 100, incluso por debaixo do da comarca.

A falta de equilibrio nos concellos de A Veiga, O Bolo, Larouco e Petín, quedou patente con índices moi superiores ao anterior, que incluso chegan a duplicar e cuadruplicar os da comarca.

Táboa 10: Índice de envellecemento. IGE 2007

Concello	Índice de envellecemento
O Barco de Valdeorras	82,2
O Bolo	676,7
Carballeda de Valdeorras	228,2
Larouco	431,3
Petín	238,9
A Rúa	179,4
Rubiá	403,2
A Veiga	750
Vilamartín de Valdeorras	297
Comarca	160,8

2.4 NIVEL DE INSTRUCCIÓN

O nivel de estudos alcanzados na comarca é similar ao da comunidade autónoma, aumentando a diferenza a medida que aumenta o nivel de estudo (táboa 11).

A comarca caracterízase por un baixo nivel de analfabetismo (2,24%), pero a metade da poboación non chega a acadar o nivel suficiente para pasar a ESO.

Resulta rechamante o feito de que a taxa de analfabetismo feminino duplique ao masculino, tanto a nivel comarcal, coma provincial ou da comunidade autónoma. Os valores resultan equilibrados nos niveles intermedios de estudos, mentres que no caso de estudos universitarios a porcentaxe de mulleres supera a dos homes.

Táboa 11: % Poboación >16 anos segundo nivel de estudos e sexo (2001).

	Analfabeto	Sen ESO	ESO	BUP ou FP	Universitarios
O Barco de Valdeorras					
Total	1,37	44,30	25,51	19,46	9,36
Homes	0,74	44,88	27,87	18,64	7,86
Mulleres	1,99	43,73	23,23	20,24	10,81
O Bolo					
Total	4,68	79,89	4,93	7,31	3,20
Homes	2,00	81,03	6,49	8,32	2,16
Mulleres	7,29	78,77	3,40	6,32	4,21
Carballeda					
Total	5,68	61,63	17,68	11,63	3,37
Homes	3,72	62,63	20,28	10,83	2,55
Mulleres	7,62	60,65	15,14	12,42	4,18

Larouco					
Total	1,68	70,34	8,02	13,06	6,90
Homes	2,01	71,49	11,24	10,04	5,22
Mulleres	1,39	69,34	5,23	15,68	8,36
Petín					
Total	2,44	43,30	33,72	13,59	6,94
Homes	1,84	37,55	38,98	15,31	6,33
Mulleres	3,00	48,59	28,89	12,01	7,50
A Rúa					
Total	1,19	48,57	19,73	20,64	9,86
Homes	0,71	46,80	22,35	21,45	8,69
Mulleres	1,67	50,30	17,17	19,85	11,01
Rubiá					
Total	2,07	64,68	16,81	11,54	4,89
Homes	1,77	61,11	20,08	12,50	4,55
Mulleres	2,37	68,20	13,59	10,60	5,24
A Veiga					
Total	5,02	67,85	14,33	8,83	3,97
Homes	2,15	69,26	16,53	8,76	3,31
Mulleres	7,78	66,51	12,22	8,89	4,60
Vilamartín de Valdeorras					
Total	2,79	58,91	24,32	9,96	4,03
Homes	0,83	60,44	26,69	8,72	3,32
Mulleres	4,72	57,39	21,97	11,19	4,72
Total Comarcal					
Total	2,24	52,38	21,60	16,25	7,53
Homes	1,25	52,21	24,17	16,00	6,37
Mulleres	3,20	52,55	19,10	16,50	8,65
Provincia de Ourense					
Total	2,68	51,13	20,64	16,39	9,16
Homes	1,50	50,03	23,39	17,06	8,02
Mulleres	3,75	52,13	18,14	15,80	10,18
Galicia					
Total	2,05	42,93	25,09	19,20	10,73
Homes	1,03	41,00	27,53	20,54	9,89
Mulleres	2,98	44,69	22,87	17,97	11,50

2.5 INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA

2.5.1 Indicadores municipais da renda dos fogares

O indicador de renda dos fogares nos concellos (táboa 12) , calculado para o ano 2002, é inferior ao da provincia e ao da comunidade autónoma en todos os concellos excepto o do O Barco de Valdeorras, onde se superan ambos (provincial e de Galicia).

Dentro dos concellos, os que presentan un maior índice da renda (e polo tanto unha maior renda dispoñible) son os concellos de O Barco (como xa se comentara), Larouco e Carballeda de Valdeorras. O concello con menor renda dispoñible é do de Vilamartín de Valdeorras con 7892 €, sendo o único cunha renda inferior aos 8000 €.

Táboa 12: Indicador de rendas dos fogares. Renta bruta disponible.IGE 2002.

Concello	Indicador municipal da renda dos fogares	Renda dispoñible bruta (€)
O Barco de Valdeorras	108	9831
O Bolo	91	8312
Carballeda de Valdeorras	98	8952
Larouco	99	8986
Petín	91	8320
A Rúa	93	8481
Rubiá	96	8717
A Veiga	89	8140
Vilamartín de Valdeorras	87	7892
Ourense	99	9018
Galicia	100	9117

2.5.2 Infraestructuras de Transporte e Comunicaci3ns

A Comarca constitúe un paso natural de entrada a Galicia dende a Meseta, favorecido polo val do Sil, que é aproveitado por importantes vías de comunicaci3n, como a N-536 e a liña de ferrocarril (A Coruña-Palencia). Pero a estrada principal é a N-120 que atravesa a Comarca de leste a oeste conectándoa coa capital provincial.

O acceso dende a Meseta realízase polo leste, despois de abandonar a autovía do Noroeste A-6, a 12 Km. entramos en Galicia polo concello de Rubiá.

A gran maioría dos quilómetros de estradas da comarca están construídos con regos asfálticos, sendo o concello de Carballeda de Valdeorras, o que maior proporción de estradas de mestura bituminosa presenta. A cantidade de estradas de formig3n ou pistas é pouco representativo (táboa 13).

Táboa 13: Estradas segundo a titularidade e tipo de firme (Km). IGE 2000

Concello	Total	Mestura vituminosa	Rego asfáltico	Formigón	Adoquín, Macadam, zahorra, terra e outros
O Barco de Valdeorras	94,3	17	74,4	0,4	2,5
O Bolo	93,9	0	93,9	0	0
Carballeda de Valdeorras	78,5	37,3	41,2	0	0
Larouco	33	1,3	31	0	0,7
Petín	36,5	6,1	29,1	0	1,3
A Rúa	31,4	6,9	24,5	0	0
Rubiá	77,8	16,6	61,2	0	0
A Veiga	149,7	0	147,9	0	1,8
Vilamartín de Valdeorras	66,9	19,9	47	0	0

2.5.3 Infraestructuras de saneamento

Dentro dos servizo de gran importancia para o medio ambiente e o nivel de vida e o do servizo de depuración de augas residuais, este servizo ten moita mellor cobertura xa que abarca a case 23000 habitantes dos 28740 que hai na comarca.

O servizo de recollida selectiva de lixo é moi deficitario xa que existen moitos concellos que non dispoñen del, e outros onde soamente funcionan nun pequeno número de poboacións (Táboa 14).

Táboa 14 : Núcleos con servizo de depuración de augas residuais. Núcleos con recollidas electiva d elixo. IGE 2000.

Concello	Depuracion augas residuais	Recollida selectiva de lixo
O Barco de Valdeorras	21	2
O Bolo	19	1
Carballeda de Valdeorras	16	1
Larouco	5	0
Petín	7	0
A Rúa	1	0
Rubiá	15	0
A Veiga	26	3
Vilamartín de Valdeorras	8	1

2.5.4 Equipamento público

Segundo os datos do IGE do ano 2006 (táboa15), todos os concellos dispoñen a lo menos dun médico xeral, non ocorre o mesmo cos asistentes sociais e os farmacéuticos, que soamente se encontra un en O Barco, quedando os demais concellos sen estes servizos básicos. Neste último ano púidose comprobar a existencia dunha farmacia en Larouco e outra en A Veiga. O concello de O Barco, como capital da comarca é o único de dispón de hospital, cunha dispoñibilidade de 94 camas para toda a comarca.

Táboa 15:Efectivos sanitarios nos concellos. IGE 2006

CONCELLO	MÉDICO XERAL	ASISTENTE SOCIAL	FARMACÉUTICO
O Barco de Valdeorras	9	1	1
O Bolo	2	0	0
Carballeda de Valdeorras	2	0	0
Larouco	1	0	0
Petín	1	0	0
A Rúa	4	0	0
Rubiá	2	0	0
A Veiga	2	0	0
Vilamartín de Valdeorras	2	0	0

Todos os concellos da comarca dispoñen de a menos un centro público de educación infantil e primaria, a excepción de Petín.O Barco, Carballeda e A Rúa ademáis contan con institutos de ensinanza secundaria. O Barco ademáis conta con conservatorio de música.

2.6 TECIDO ASOCIATIVO

Si se analizan o GDR 12 (Valdeorras), obsérvase o gran número de asociacións existentes na comarca. Dentro das 70 asociacións participantes, as maioritarias son as asociacións de veciños, as de mulleres no rural e a caza, cada unha delas con 7 representantes, seguidas das asociación de MVMC e as asociacións culturais.

As asociacións de empresarios dos distintos sectores concéntranse en asociacións de maior envergadura, como son a asociación galega da pizarra, TREVIHOST (hostelería e turismo), asociación de empresarios do Barco de Valdeorras, 4 asociación do sector agrario, outras 4 do sector da viticultura.

Hai una asociación de familiares de diminuídos psíquicos de Valdeorras (ASFAVAL), e despois asociacións de sectores menos representativos, pero que se deberían fomentar como a mel, o desenvolvemento rural, pesca, aproveitamento da castaña, micoloxía,...

3 O MERCADO DE TRABAJO

Os 972 km² de extensión da comarca albergan realidades moi dispares. Deste xeito, pódense diferenciar dous sectores dentro da Comarca, o sector meridional caracterizado por un desenvolvemento económico precario e unha perda demográfica continua e o sector setentrional, cunhas características completamente opostas ao anterior.

Trátase dunha comarca rica en recursos naturais, cunha actividade económica fundamentalmente baseada na explotación dos xacementos de lousas e calizas, e tamén aínda que en menor medida, nas industrias subsidiarias como pode ser a hidroeléctrica.

A extracción e transformación da lousa é a actividade que funciona como motor da economía local e é a que na actualidade sitúa á comarca no primeiro posto dentro da lista de produtores europeos de lousa. Por outra banda, o desenvolvemento do sector servizos, oríentase tanto á poboación da zona, como ás empresas auxiliares creadas entorno do negocio da lousa.

A excesiva dependencia da comarca con respecto a actividade industrial extractiva de lousa fai que o sistema productivo se atope a mercede dos cambios do mercado, cunha alta posibilidade de colapso ante conxunturas adversas ao mesmo.

Nos últimos anos, vai tomando unha importancia crecente o sector vitivinícola gracias en parte á denominación de orixe (D.O.) Valdeorras establecida como selo de garantía de calidade.

Esta D.O. "Valdeorras" que foi recoñecida por Orde Ministerial do 27 de xullo de 1945, naceu coa clara vocación de garantir a calidade dos viños da Comarca e de traballar na recuperación de variedades autóctonas como o Godello e no fomento de plantacións de outras variedades como o Mencía.

Tamén nos últimos anos, aumentaron o número de novas empresas adicadas ao turismo rural e a produción de novos produtos agropecuarios. Esta incipiente diversificación de actividades dentro da economía da zona resulta positiva de cara a buscar a estabilidade da comarca á vez que contribúe a revalorizar recursos e tradicións propias e tradicionais.

Sé se analiza a relación da poboación co mercado de traballo a través das taxas de actividade (táboa 16), ocupación e paro segundo os datos do ano 2001, comprobouse que o territorio está caracterizado por unha taxa de actividade similar á media da comunidade autónoma (48,9% na comarca de Valdeorras e 49,5% no conxunto da comunidade galega,).

Os mesmo datos en función do sexo dos traballadores, amosan unha taxa de actividade masculina un punto superior na comarca (61,7%) que en Galicia (60,3%), namentres no caso das mulleres a tendencia é a contraria, sendo 3 puntos inferior no conxunto da comarca (36,6%) en comparación con Galicia (39,7%).

Táboa 16 : Evolución da taxa de actividade, anos 1991 e 2001.IGE

Taxa actividade		1991		2001		
Concello	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
O Barco de Valdeorras	48,5	67,9	30	56	68,5	43,9
O Bolo	33,7	45,6	22,2	29,5	40,6	18,6
Carballeda de Valdeorras	48,5	62,8	33,6	46,6	60,3	33,2
Larouco	39,8	54,6	26,2	37,3	50,6	25,8
Petín	37,9	53,7	23,6	40,1	56,7	24,8
A Rúa	42,3	63,1	22,3	51	62,9	39,3
Rubiá	40,1	50,9	29,4	42,5	53,8	31,4
A Veiga	46,7	60,2	33,6	34,4	48,4	21
Vilamartín de Valdeorras	45,5	57,2	33,5	42,3	56,4	28,3

A taxa de actividade máis elevada atópase no concello de O Barco de Valdeorras, cun 56%, mentres que a máis baixa se rexistra no concello de O Bolo (29,5%). Estes datos amosan correspondencia coas pirámides poboacionais presentadas dentro do apartado de estrutura demográfica nas que se observaba unha maior poboación en idade de traballar no concello de O Barco con respecto á do concello de O Bolo. Este feito repítese en liñas xerais, sendo os concellos cunha menor taxa de actividade as que presentan pirámides poboacionais menos equilibradas.

Aínda que as pirámides poboacionais amosaban un certo equilibrio entre as poboacións masculina e a feminina, ao considerar a taxa de actividade, prodúcese unha fractura de dito equilibrio chegando a duplicar os homes ás mulleres.

Respecto a taxa de ocupación (Taboa 17), obsérvanse claras evolucións na última década. Dese modo, a taxa de ocupación aumentou na maioría dos concellos (O Barco, O Bolo, Petín, A Rúa, Rubiá), descendendo lixeiramente en Carballeda e Larouco e facéndoo de forma máis drástica en A Veiga (13%). Outro dato destacable é o aumento en termos xerais da ocupación do sector feminino, sobre todo no concello de A Rúa, onde chega a duplicar a do ano 1991.

Táboa 17: Evolución das taxas de ocupación por concellos. Anos 1991 e 2001.INE

Taxa ocupación		1991		2001		
Concello	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
O Barco de Valdeorras	41,4	62	21,7	51,4	64,9	38,3
O Bolo	23	30,1	16,1	24,6	33,3	16,2
Carballeda de Valdeorras	44,3	58,5	29,6	42,4	56,2	28,8
Larouco	36,2	49,2	24,3	32,3	44,2	22
Petín	25,4	37,6	14,4	33,4	47,1	20,8
A Rúa	34,8	53,8	16,5	45,5	57,9	33,3
Rubiá	30,6	39,8	21,5	37,9	47,5	28,4
A Veiga	42,9	56,2	30,1	29,6	41,7	17,9
Vilamartín de Valdeorras	37,8	49,8	25,6	37,8	51,4	24,4

A taxa de paro no ano 2001 (táboa 18) para a comarca era dun 9,9%, superior á da provincia de Ourense, pero inferior á de Galicia, cun 7,7% e un 10,6%, respectivamente.

Os concellos con maior taxa de paro son os de O Bolo, Petín e A Veiga, mentres que os que presentan menores taxas son O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras.

Con respecto ás diferencias na taxa de paro entre homes e mulleres, obsérvanse valores moi superiores entre as mulleres (cunha taxa do 13,3% na comarca) en comparación co que sucede entre os homes (7,8%). Este dato pon de manifesto a situación marxinal da muller na comarca.

Táboa 18: Evolución das taxas de paro por concellos. Anos 1991 e 2001.INE

Taxa paro		1991		2001		
Concello	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
O Barco de Valdeorras	14,7	8,7	27,6	8,2	5,3	12,7
O Bolo	31,9	34	27,6	16,4	18	13
Carballeda de Valdeorras	8,6	6,8	11,9	9,1	6,9	13,2
Larouco	9	9,9	7,1	13,5	12,7	14,9
Petín	32,9	30	38,8	16,6	16,9	15,9
A Rúa	17,6	14,7	25,7	10,8	7,9	15,3
Rubiá	23,7	21,8	26,8	10,9	11,7	9,5
A Veiga	8	6,6	10,3	14,1	14	14,4
Vilamartín de Valdeorras	16,9	13	23,6	10,5	8,8	13,8

Na táboa 19 táboa preséntanse os datos de paro rexistrados no ano 2007 segundo a consellería de traballo, diferenciando entre grupos de idade (maior e menor de 25 anos) e sexo. Novamente volve quedar patente a maior taxa de paro entre as mulleres que entre os homes. Por outra banda, obsérvase o gran incremento de paro sufrido polas persoas maiores de 25 anos, voltando novamente as mulleres a ser as máis prexudicadas.

Táboa 19: Parados rexistrados no ano 2007 .INE

Concello	< 25 anos			> 25 anos		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
O Barco de	86,0	39,0	47	667	170	498
O Bolo	3	2	1	44	24	20
Carballeda	11	4	7	55	18	36
Larouco	3	1	2	23	9	14
Petín	6	3	3	66	29	37
A Rúa	21	8	13	213	71	142
Rubiá	3	1	2	58	24	34
A Veiga	1	1	0	35	23	13
Vilamartín	7	4	4	83	32	51
Comarca Valdeorras	141	64	78	1243	400	843

4 ANÁLISIS SECTORIAL

Na comarca de Valdeorras predominan o sector servizos e as actividades industriais, seguidas da construción (táboa 20).

Táboa 20: % Ocupados segundo sectores de actividade(ano 2001). INE

Concello	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
O Barco de Valdeorras	2,5	0,1	40,8	10,6	46,1
O Bolo	15,3	0,0	12,3	25,7	46,7
Carballeda de Valdeorras	2,9	0,0	69,4	4,6	23,1
Larouco	11,6	0,0	17,9	18,5	52,0
Petín	4,1	0,0	29,8	19,0	47,1
A Rúa	2,9	0,2	22,0	16,3	58,6
Rubiá	10,9	0,0	34,8	13,9	40,4
A Veiga	19,2	0,0	9,6	22,2	49,0
Vilamartín de Valdeorras	4,6	0,1	34,5	12,6	48,2
Total Comarcal	4,3	0,1	36,2	12,7	46,7

O sector primario unicamente supón o 4,3% dos ocupados da comarca, cun peso reducido na economía local. Unicamente nos concellos de O Bolo, Larouco, Rubiá e a Veiga, chega a representar máis dun 10%. Este sector primario esta principalmente baseado no cultivo da vide e na recollida da castaña.

A maior parte da poboación ocupada atopa acomodo no sector servizos, cun valor para a comarca do 46,7%. Unicamente o concello de Carballeda de Valdeorras, presenta unha maior taxa de ocupación na industria (69,4%), quedando o sector servizos relegado a un segundo posto cun 23,2%.

O alto porcentaxe de persoas ocupadas na industria na comarca (36,2%) explícase pola importancia na zona da industria extractiva da lousa, que se constitúe como base para o desenvolvemento económico ata a actualidade.

O sector da construción representa un 12,7% da poboación ocupada na comarca.

Por concellos, o concello de O Barco de Valdeorras consolidouse nos últimos anos como centro urbán da comarca, cunha poboación ocupada que se reparte case por igual entre a industria (extracción de lousa) e os servizos. A súa economía baséase no sector terciario, concentrando boa parte dos servizos educativos, sanitarios, deportivos e culturais.

No concello de O Bolo, ao igual que nos demais concellos, o principal sector de actividade e o de servizos, aínda que ten unha das maiores taxa de ocupación adicada ao sector primario.

A economía local de Carballeda de Valdeorras está determinada pola explotación da lousa. Tradicionalmente existiu unha minería adicada ao corte e a preparación da lousa para tellados. A partir de 1.945 tomou corpo adquirindo un carácter industrial e iniciando unha carreira de ascenso ata a actualidade, na que exporta a súa produción a países de todo o mundo.

Hoxe en día están en activo 47 canteiras de lousa situadas, fundamentalmente, na área de Casaio. Ademais funciona unha escola de "Colocadores de lousa" no Centro Tecnolóxico da lousa de recente creación.

O concello de Larouco presenta unha poboación moi envellecida e adicada principalmente ao sector servizos (52%). O resto da poboación ocupada repártese por igual entre a agricultura, a industria e a construción.

As principais fontes económicas de Petín baséanse no sector hidroeléctrico e mineiro (lousa) así como na agricultura, na que destaca por elaborar viños privilexiados que comezan xa a ter un recoñecemento a nivel dos mercados mundiais.

No concello da Rúa o peso da poboación empregada no sector servizos supera o 58% mentres que a industria contrata ao 22%. Tradicionalmente, a súa actividade económica centrábase na súa meirande parte no sector primario, e hoxe en día unicamente representa o 2,9%. Pese a este dato, segue sendo un dos grandes centros de produtores de viño e derivados da vid.

No concello de Rubiá, altamente rico en minerais, predomina o sector industrial ocupando ao 34,8% da poboación. O sector principal volta ser o dos servizos, pero destacando tamén a porcentaxe do sector primario (10,9%), principalmente debido á produción de viño que alcanzou unha enorme importancia trala revalorización das variedades autóctonas. Ademais a produción de castaña tamén tomou unha importancia crecente nos últimos anos.

Con respecto ao concello de A Veiga, tradicionalmente foi un concello eminentemente gandeiro. Aínda que hoxe conta cunha importante cabana de vacún, ovino e caprino é o sector servizos, e en particular a actividade turística, a que está cobrando cada vez un maior peso específico na economía local.

Vilamartín de Valdeorras, mostra un patrón parecido ao da comarca, sendo o principal sector de actividade o de servizos, seguido da industria. O sector primario unicamente ocupa ao 4,6%, adicada o cultivo de vides e a produción de inxertos.

En canto ao número de empresas por actividade económica e encabezando a lista sitúanse os servizos de reparación de vehículos a motor e artigos persoais cun 23,86%, seguido da construción cun 17,34% e despois a industria manufactureira cun 12,86% (táboa 21).

Na parte final da táboa sitúanse as empresas adicadas a industria extractiva cun 4,15% e as actividades sanitarias, veterinarias e sociais cun 2,45%.

Táboa 21: Actividades económicas con maior número de contas de cotización (empresas). Actividades económicas con maior número de traballadores. Porcentaxe sobre o total. IGE

DESCRIPCIÓN	Empresas	(%)	Traballadores	(%)
Comerc., reparac. vehic. a motor, motocicl. e art.persoal	282	23,86%	2.356	29,54%
Construción	205	17,34%	1.055	13,23%
Industria manufactureira	152	12,86%	943	11,82%
Fogares que empregan persoal doméstico	110	9,31%	763	9,57%

Hostalería	96	8,12%	733	9,19%
Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.	63	5,33%	436	5,47%
Transporte, almacenamento e comunicacións	56	4,74%	310	3,89%
Outras activid. sociais e de serv. prestados á comunidade	55	4,65%	266	3,34%
Industrias extractivas	49	4,15%	230	2,88%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	29	2,45%	211	2,65%

4.1 SECTOR PRIMARIO

A presenza das actividades agrícolas e gandeiras dentro do sistema productivo da zona esta a experimentar un retroceso xeneralizado. Soamente os cultivos da vide e da castaña foron desenvolvéndose favorablemente cara ao mercado. Nos últimos anos estanse a explotar montes comunales para a produccion de trigo país e pataca de semente no concello de A Veiga. O resto da economía agraria está na súa maior parte orientada ao autoconsumo.

4.1.1 O VIÑO

A comarca de Valdeorras basea practicamente toda a súa economía agraria no viño que ocupa unha extensión de máis de 4000 has.

Concellos como o de Rubiá, Larouco ou A Rúa teñen máis do 50% da superficie cultivada adicada a vide.

Os últimos datos referentes á campaña do ano 2001 cifran unha superficie de cultivo para esta Denominación que rolda as 1.300 hectáreas, con máis de 2.000 viticultores, 34 adegas e unha produción que superou os 8.000.000 quilos.

A superficie cultivada distribúese do seguinte modo(Figura 28): O Barco (192 ha), Larouco (240 ha), A Rúa (252 ha), Vilamartín (212 ha), Petín (128 ha), Rubiá (153 ha), Carballeda (14 ha) e O Bolo (120 ha).




Figura 28: %superficie por concello.D.O. Valdeorras. Consello Regulador

O número de adegas inscritas na D.O. Valdeorras repartidas por concello pódese observar na seguinte táboa. O concello con maior número de adegas (8) é o de A Rúa, en lóxica correspondencia coa maior superficie cultivada (19%), seguido a continuación de Vilamartín de Valdeorras cun 16% da superficie plantada e 6 adegas. O concello de Petín, aínda que soamente supón un 10% da superficie cultivada, dispón de 5 adegas.

4.1.2 A CASTAÑA

Nos concellos máis montañosos con gran superficie de monte baixo existen importantes masas de especies de árbores como o castiñeiro, o que constitúe un recurso endógeno susceptible dunha maior potenciación e mellora xenética.

A superficie ocupada polo castiñeiro é de aproximadamente 8.000 hectáreas, localizadas fundamentalmente nos concellos de O Barco, Rubiá, O Bolo, Carballeda e Vilamartín.

A produción de castaña na comarca oscila entre as 2.500-3.000 Tm, se ben hai varias empresas comercializadoras que moven outras 2.500-3.000 Tm. de castañas provintes doutras zonas de Galicia (Lugo, Viana, Manzaneda, A Gudiña, etc.) e incluso de Portugal. Esta produción véndese maioritariamente en fresco para consumo, tamén seca e, en menor medida, conxelada.

Entre as vantaxes comparativas coas que conta a comarca como zona produtora de castaña hai que destacar o recoñecido prestixio co que conta o produto desta zona de Ourense dentro do mercado nacional. Isto sen ningunha dubida, debese á tradición de cultivo que ten dado lugar a unha cultura silvícola importante, así como á existencia de varias empresas comercializadoras da propia comarca con experiencia e canais de comercialización nacionais e internacionais.

Unha boa mostra da potencialidade económica deste recurso da comarca é o feito da súa inclusión no Programa Europeo "Leonardo da Vinci", do que se deriva o proxecto "O castaño en Europa III Milenio", cuxa finalidade foi a de ofertar unha formación aos castañicultores para mellorar o cultivo, a produción e conter as enfermidades que soen afectar a esta especie de árbore.

Na actualidade, a asociación de produtores de castaña está a promover a obtención dunha Indicación Xeográfica Protexida para a castaña galega, como vía para obter un produto diferenciado.

4.1.3 O GANDO

En canto ao gando, as cabanas de ovino-caprino son as que están maior dimensionadas. O porcino adícase basicamente ao autoconsumo e o bovino é o de menor importancia, en contraste co resto de Galicia.

Nos últimos anos, o Inorde está a realizar un proxecto que inclúe a recuperación da cría de cerdo de raza celta.

4.2 SECTOR SECUNDARIO

No sector secundario existe unha grande variedade de actividades: construción, lousa, carburos, maquinaria, enerxía...etc.. Este dinamismo industrial da comarca, comparativamente con outras zonas da Provincia de Ourense, vencélase fundamentalmente ao aproveitamento de recursos naturais (producción de enerxía eléctrica e explotación da lousa).

Hai un claro predominio da pequena empresa. Case toda a actividade secundaria concéntrase en Carballeda (74% da súa actividade), en O Barco (51,4%), Rubiá (48,7%) e Vilamartín (47,1%) con empresas extractoras de lousa e da construción. A lousa utilízase principalmente como material de construción, sobre todo na arquitectura rural (tellados).

O subsector da extracción e transformación da lousa é o de maior importancia, seguido da construción, contando tamén cun importante número de empresas. O recurso natural extraído e de moi boa calidade e conta con aínda con importantes reservas.

Como se pode apreciar na táboa 22, a maioría das empresas adicadas a este subsector ubícanse nos concellos de Carballeda e O Barco, e en menor medida en Vilamartín.

Táboa 22: Distribución das empresas dedicadas á extracción de lousa .Asociación galega de pizarra

Concello	Nº empresas adicadas á extracción de lousa
O Barco de Valdeorras	23
Carballeda de Valdeorras	29
Vilamartín de Valdeorras	2

En 1993 inaugurouse o Centro Tecnolóxico da Lousa que xunto coa Asociación Gallega de Pizarristas garanten a investigación, modernización, promoción e calidade do produto.

Dende os anos 70, o número de empresas adicadas á transformación da lousa foise incrementando, o que na actualidade fai de Valdeorras o primeiro produtor mundial. A maioría da produción destínase á exportación (80%) en Europa.

Non obstante, á excesiva dependencia da economía comarcal respecto á industria da lousa constitúe unha debilidade, así como un bloqueo para a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Outra empresa que contribúe ao desenvolvemento da comarca, é Iberdrola adicada á explotación hidroeléctrica e localizada en A Rúa debido principalmente á cantidade de embalses que se concentra nesta zona.

A industria química, representada por CEDIE, asentada fai décadas nunha das zonas máis industriais de O Barco, tamén foi interesante dende o punto de vista laboral. Esta empresa adicabase á produción de carburos e chegou a contratar ata 100 empregados. A pesar de haber dado un impulso á economía e ao desenvolvemento da comarca, sempre supuxo un problema debido a o seu grande impacto ambiental.

Na actualidade esta empresa está a realizar unha remodelación completa, transformándose nunha industria do vidro (Cedisolar), sendo a primeira empresa española (en Europa unicamente hai outra en Alemaña) en fabricar un vidro con unha capa atómica, empregado nos paneis fotovoltaicos de última xeración. Ademais, a factoría producirá outro tipo de vidro, este destinado ao aforro enerxético na construción de edificios xa que facilita o aforro enerxético tanto en verán como en inverno, limitando a radiación de entrada e as perdas de calor.

Calculase que esta factoría dará emprego indefinido a 59 traballadores, de un total de 80 empregados.

Por outra banda, a construción constitúe outra actividade importante, que absorbe o 12,7% da poboación ocupada e que no caso de A Veiga chega a alcanzar o 20%. Segundo o Anuario Económico elaborado pola Caixa no ano 2008 (táboa 23), o número de actividades pertencentes ao subsector da construción na comarca supón 455, cifra moi superior ao de actividades industriais (320). A maioría destas empresas sitúanse no concello de O Barco de Valdeorras (234) e no de A Rúa (91).

Táboa 23: Actividades industriais. 2006 Fonte: Anuario Económico 2008 La Caixa

Concello	Industria	Construcción
O Barco de Valdeorras	93	234
O Bolo	9	17
Carballeda de Valdeorras	95	31
Petín	12	10
A Rúa	40	91
Rubiá	28	21
A Veiga	6	22
Vilamartín de Valdeorras	37	29

Ademais existen tres polígonos industriais que posibilitan o asentamento de novas iniciativas industrias e que ubícanse no concello de O Barco de Valdeorras/Vilamartín de Valdeorras (IGVS), no de A Rúa (SEPES) e no do Centro Tecnolóxico de la Pizarra (Sobradelo)- Carballeda.

4.3 SECTOR TERCIARIO

O Barco, e en menor medida A Rúa, actúan como pequenas cidades que desempeñan un papel de centros rectores dos espazos rurais próximos. Contan cunha base económica diversificada e unha dotación terciaria especializada en ofrecer cobertura ás necesidades da poboación das súas respectivas áreas de influencia. O Barco consta, entre outras, coas seguintes dotacións publicas: Oficina do INSS, Oficina do INEM, Partido Judicial, Sub. Hacienda, Oficina Extensión Agraria, Centro de Ensinanza Secundaria, Centro P.D.C. e Hospital Comarcal.

En relación ao comercio, na táboa 24 expónse o número de actividades de comercio maiorista e minorista. Das 922 licencias comerciais existentes na comarca no ano 2008, o 84% correspóndese co mercado minorista. Por outra banda, máis da metade das actividades (57%) están localizadas no concello de O Barco.

Táboa 24: Actividades comerciais maioristas e minoristas 2006. Anuario Económico 2008
La Caixa

Concello	Maioristas	Minoristas		
		Alimentación	No alimentación	Outros
O Barco de Valdeorras	80	130	304	17
O Bolo	5	8	2	3
Carballada de Valdeorras	11	12	22	6
Petín	1	2	2	5
A Rúa	25	92	86	4
Rubiá	14	18	3	7
A Veiga	5	8	9	2
Vilamartín de Valdeorras	9	15	13	2

Na comarca de Valdeorras hai un total de 30 oficinas bancarias, que veñen a representar o 8% das oficinas da provincia de Ourense. A maior parte delas están situadas en O Barco de Valdeorras, namentres non hai ningunha en Petín.

O índice de actividade económica é un índice comparativo da actividade económica municipal e obtense en función do tributo correspondente ao total das actividades económicas e empresariais (industriais, comerciais e servizos) e profesionais. Expressa a actividade en tanto por 100000 de cada concello sobre unha base nacional de 100000 unidades equivalente ao total do tributo de actividades económicas, empresariais e económicas.

Os índices industrial, comercial e turístico miden a importancia comparativa de cada unha destas actividades en cada concello, reflicte o peso relativo (en tantos por 100000) das diferentes actividades respecto ao total de cada unha delas en España (táboa 25).

Segundo os datos reflectidos, e como xa se comentou, a zona ten unha especialización productiva orientada fundamentalmente cara a industria, que se concentra no concello de O Barco de Valdeorras.

Táboa 25: índices industrial, comercial e turístico. Anuario Económico 2008 La Caixa

Concello	Índice industrial	Índice comercial	Índice turístico	Índice actividade económica
O Barco de Valdeorras	30	37	5	26
O Bolo	1	1	0	1
Carballada de Valdeorras	18	4	0	8
Petín	1	0	0	0
A Rúa	4	8	1	6
Rubiá	34	3	1	12
A Veiga	15	1	2	6
Vilamartín de Valdeorras	22	3	3	8
Provincia de Ourense	826	643	217	652

Potencial turístico

A oferta turística da Comarca de Valdeorras presenta unha diversidade derivada da súa propia diversidade económica, paisaxística, topográfica, xeolóxica, botánica e faunística, que se conxuga cun rico pasado histórico. Da época dos romanos consérvase a ponte de A Cigarrosa en A Rúa e os Codos de Larouco.

O medievo tamén está presente nos restos da torre de O Castro, que serve de magnífico miradoiro sobre o Sil. E a Torre da Homenaxe da fortaleza de O Bolo.

A Comarca tamén é rica en pazos e casas solariegas, destacando a Casa Grande de Rubiá, a Casa Ojea de A Rúa, o pazo de Flórez e a Casa Grande de Vilorio en O Barco, ou os pazos de Arcos, A Portela e de Outeiro en Vilamartín.

Outros puntos de interese son as Ermitas de O Bolo, e a posibilidade de aproveitamento dun antigo castro ou do castelo no mesmo concello (Figura 29).



Figura 29: Plano cos principais atractivos turísticos da comarca

Non obstante, a maior oferta turística, está vencellada a súa riqueza paisaxística, á que hai que engadir a posibilidade de realizar deportes e actividades ao aire libre, como piragüismo e remo, rutas a cabalo, ciclo-cross e sendeirismo que permiten descubrir lagoas, cumios, embalses, fervenzas ou pintorescos pobos de casas construídas sobre grandes bolas de granito en parte visíbeis.

Situado nas montañas de Trevinca, a mais de 2000 metros de altitude, e pertencente aos concellos de Carballada e A Veiga atópase "O Teixadal" que é o bosque de "teixos" mais importante de Europa, mérito acreditado polos mais de dous mil anos que posúen algúns dos seus exemplares.

As Serras de Cerixido, dos Cabalos, da Enciña de Lastra e de Pena Trevinca son espazos protexidos que constitúen un paraíso vexetal e ornitolóxico.

A existencia de numerosos embalses e ríos permite a práctica de diversos deporte náuticos e Rubiá é un concello con numerosas covas cun posible potencial turístico.

A pesca e a caza tamén son actividades que complementan a oferta turística. No concello de A Veiga, dentro das posibilidades da súa infraestrutura hostaleira (catro casas de turismo rural, un hotel e unha pensión) se atopa o máis extenso coto de caza maior de Galicia, no que se poden abater corzos, venados, muflóns, xabarís, etc..

Non hai que esquecer a rica gastronomía da comarca con carnes de caza (xabarís, perdices, etc.), troitas, "botelos" e "androllas" elaboradas artesanalmente, os embutidos de Lentellais e O Bolo, e os viños acollidos á Denominación de Orixe de Valdeorras como os brancos de Godello ou os tintos de Mencía.

O desenvolvemento do turismo pode ter, sen dúbida, un importante potencial dinamizador para a zona, podendo chegar a actuar como diversificador do sistema productivo e constituír unha alternativa para os concellos con menor grado de desenvolvemento industrial.

En termos xerais pódese dicir que o turismo da comarca de Valdeorras amosa evidentes deficiencias en infraestructuras, sendo de urxente necesidade a realización dun proxecto global para a comarca que posibilite un mellor aproveitamento.

4.4 CONCLUSIÓNS

Trátase dunha poboación cunha alta taxa de envellecemento, cunhas pirámides de poboación claramente invertidas na maioría dos municipios. Esta característica supón unha alta taxa de persoas dependentes, con grandes necesidades de apoio mediante servizos médicos e asistenciais.

A distribución da poboación ocupada por sectores de actividade pon de manifesto unha estrutura socioeconómica centrada na industria e nos servizos, aínda que o sector agropecuario continúa tendo a súa importancia grazas ao cultivo da vide e do castiñeiro.

En xeral, observase unha taxa de paro moi elevada, maior do 10% na maioría dos municipios. Como xa se comentara, esta taxa de paro é moito maior no colectivo das mulleres que nos homes, en grande medida debido aos tipos de traballo maioritarios da zona, vencellados a traballos de extracción de lousa, construción e viticultura, dificultando a inserción das mulleres no mercado laboral.

A pesares do forte envellecemento da poboación, claramente visible nas pirámides poboacionais, a mocidade tamén sofre importantes dificultades a hora de encontrar traballo. A maior parte das oferta de emprego da zona, son traballos sen necesidade de cualificación, polo que, como xa se comentara, unha parte da poboación xove comeza a traballar sen rematar os estudos, e os de maior nivel de instrución emigran na búsqueda de traballos mellores. Sería

necesaria a formación da mocidade para a realización de traballos de calidade que se poidan realizar na comarca e desta forma fomentar o asentamento da xuventude, única forma de asegurar o futuro da comarca.

Dentro da actividade industrial destaca pola súa importancia a industria da extracción da lousa. A Comarca de Valdeorras concentra case a terceira parte da produción da provincia de Ourense, converténdose nun dos maiores enclaves produtores de lousa en España e en Europa. O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras concentran a maior parte destas explotacións.

Por outra banda, a industria da lousa presenta importantes debilidades, como os fortes impactos ambientais derivados da extracción, o acaparamento e a baixa cualificación da man de obra, unha escasa industria auxiliar comarcal non vencellada á lousa, baixa reinversión dos beneficios empresariais na comarca e pouca diversificación.

O sector agroalimentario centrase principalmente no cultivo da vide, cun total de 106 adegas inscritas no Consello Regulador da D.O. de Valdeorras, localizadas na súa meirande parte en A Rúa e Vilamartín de Valdeorras. Este sector aposta por unha diversificación da produción propoñendo nos últimos tempos a produción de aceite de oliva con marca galega.

En canto ao aproveitamento do castiñeiro, estase a fomentar o asociacionismo dos produtores, e no concello de Riós, preto da comarca estudiada, inaugurouse a principios deste ano o Centro de Investigación e servicios da Castaña.

O sector do turismo pode ter tamén un gran potencial dinamizador para a zona, sempre que se planifiquen as actividades culturais, deportivas e de natureza, actuando deste modo, como diversificador do sistema productivo da comarca e constituíndo unha alternativa importante para os concellos menos desenvolvidos.

5 DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES

5.1 DEBILIDADES

Dependencia excesiva da economía da comarca con respecto á principal actividade industrial, a extracción e comercialización da lousa e pedras. Trátase por outra banda dunha industria maioritariamente tradicional, cun mercado ligado principalmente a actividades de construción, escasa diversificación e que utiliza procesos de extracción obsoletos e pouco eficientes que xeran elevadas cantidades de refugалlos e importantísimos impactos ambientais.

Dispersión das industrias e empresas, e pequeno tamaño destas que xunto cunha escasa cultura de asociacionismo e colaboración fan complexo acadar as dimensións adecuadas para encarar determinadas iniciativas empresariais.

Elevada degradación da paisaxe e doutros recursos naturais (augas, fauna, pesca, vexetación..) e escasa restauración/recuperación dos mesmos especialmente en terreos afectados polas actividades extractivas industriais.

Deficientes infraestructuras viarias, tanto en número como en adecuación, orixinado polas condicións orográficas e topográficas especialmente abruptas da comarca, dificultando en grande medida as posibilidades de intercambio e de expansión económica da comarca.

Elevada dispersión poboacional, coas maiores concentracións de poboación nos dous núcleos urbáns principais da comarca (O Barco de Valdeorras e A Rúa).

Alta taxa de envellecemento que xunto coa baixa taxa de natalidade da comarca non favorecen a existencia da mano obra necesaria coa que fornecer as novas iniciativas.

Por outra banda, o baixo nivel formativo e a emigración dos nativos con maior formación na busca de oportunidades nos grandes núcleos urbanos, pode xerar dificultades de cara a adecuación da oferta laboral cos requirimentos demandados, máis aló das actividades industriais que non requiren ningún tipo de capacitación. Tamén é necesario considerar posibles problemas de despoboación coa subsecuente perda do patrimonio etnográfico e arquitectónico.

Falla de explotación de moitas das potencialidades da comarca tanto nos sectores primario, ou secundario ou no sector servizos.

5.2 AMENAZAS

Dende a perspectiva do sector primario:

Forte competencia internacional no mercado vitivinícola, e necesidade de diferenciación de produtos como a castaña, cunha denominación de orixe protexida.

Dende a perspectiva da lousa:

As posibles fluctuacións dos mercados que en coyunturas como a actual, de frenazo do mercado inmobiliario, así como a competencia nun entorno globalizado como o actual (competencia con produtores máis baratos como Sudamérica e Asia), que poden chegar a poñer en grave risco a viabilidade e continuidade deste tipo de industrias.

Dende a perspectiva doutras potencialidades coas que conta a comarca de Valdeorras:

A competencia con outras comarcas circundantes (galegas, castellanas, asturianas e portuguesas) con similares ou diversos recursos naturais e que pode ser a causante da perda de inversións foráneas.

Políticas europeas ou de outro ámbito que poidan limitar e incluso reducir determinadas actividades como a produción de leite, viño, aceite ou calquera outro produto de orixe agrícola, gandeiro, forestal o industrial.

O fin das axudas, subvencións e incentivos provenientes da Comunidade Europea ou doutras administracións.

A alza do prezo dos combustibles, a crise internacional e as normativas cada día máis esixentes en materia ambiental e de seguridade e hixiene no traballo.

A falla de investimentos externos.

Os incendios forestais, a contaminación e o cambio climático.

5.3 FORTALEZAS

A existencia dos recursos naturais que se atopan nesta comarca comezando pola lousa e rematando pola paisaxe e outros valores patrimoniais, incluíndo figuras de protección natural.

Centro tecnolóxico da Pizarra con potencial para realizar actividades de I+D+i e unha industria consolidada e con experiencia no mercado da lousa.

Situación estratéxica de cara a comunicación coa meseta e tamén con terras portuguesas.

Inmellorables condicións edafolóxicas e climáticas, así como dispoñibilidade de superficie capaces de sustentar producións rendibles agrícolas (vide, oliveiras, trigo, pataca, etc.), forestais (castañas, cogomelos, caza, pesca, biomasa, etc.) ou gandeiras que estean sendo aproveitadas actualmente ou que poidan ser susceptibles de selo nun futuro, así como o “know how” axeitado para levalas a cabo da maneira máis satisfactoria.

Industria do viño consolidada que conta coa denominación de orixe de Valdeorras (1977) e que leva tempo apostando pola calidade a través da recuperación de cepas autóctonas e a profesionalización dos viticultores.

Valorización da castaña e promoción da súa industria nos últimos anos.

5.4 OPORTUNIDADES

Políticas europeas ou doutras administracións que se materialicen en axudas, subvencións e incentivos que posibiliten o desenvolvemento da comarca de Valdeorras (multifuncionalidade do monte, programa LEADER, instrumentos de articulación do sistema de I+D+i apoiados por distintas administracións (así por exemplo, plataforma tecnolóxica dos materiais) etc.)

Inversións foráneas.

Demanda crecente por parte da sociedade de produtos ecolóxicos e de calidade, produtos de monte.

Enerxías renovábeis.

Consolidación internacional do turismo rural baseado na visita de recursos naturais, patrimoniais e culturais.

5.5 CADRO DAFO RESUMEN

Debilidades	Ameazas
Dependencia excesiva da industria da lousa	Flutuacións do mercado da lousa
Industria pouco modernizada	Competencia con outras comarcas circundantes
Deficientes infraestructuras viarias	Políticas europeas ou doutro ámbito
Dispersión, pequeno tamaño das empresas e industrias e ausencia de cultura de asociacionismo	Fin das axudas, subvencións e incentivos
Dispersión poboacional, alta taxa de envellecemento, baixa cualificación profesional e emigración	Alza do prezo do combustible, crise, normativas ambientais máis esixente
Déficit de cultura medioambiental, de desenvolvemento sostible e de iniciativa empresarial	Incendios forestais, contaminación e cambio climático
Fortalezas	Oportunidades
Importantes recursos naturais	Políticas europeas ou doutro ámbito e axudas, subvencións e incentivos
Industria louseira consolidada e con experiencia no mercado	Inversións foráneas
Situación estratéxica da cara as comunicación coa meseta e con terras portuguesas	Mercado crecente de produtos ecolóxicos de calidade
Condições edafoclimáticas inmejorables de cara a establecer produções rendibles agrícolas, forestais ou gandeiras	Energías renovábeis
Industria do viño consolidada	Consolidación do turismo rural
Consolidación da industria da castaña	

6 OBXETIVOS E FILOSOFÍA DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO

O **obxectivo principal** do presente plan de desenvolvemento é o aumento da produtividade da comarca, en todos os seus potenciais:

- Económico: diversificación respecto ao monopolio da lousa, có obxectivo de conseguir o aumento da oferta de emprego, do nivel de vida e do nivel da renda per cápita .
- Ambiental: Aproveitamento, conservación, promoción e valorización dos potenciais endóxeos da comarca.
- E de recursos humanos: Maior formación mediante a impartición de cursos, maior estabilidade laboral, diversificación do mercado .

A consecución deste obxectivo xeral preténdese mediante os seguintes **obxectivos intermedios**:

A nivel económico:

- Aproveitamento das necesidades de servizos auxiliares da industria da lousa, mediante a implantación de novas empresas ou o fomento das existentes
- Axuda e organización cara á competencia nun mercado globalizado, promovendo as asociacións entre empresas e industrias, diferenciación dos produtos fomentando así a obtención dun produto máis competitivo.
- Pechar o ciclo, favorecer a implantación de novas industrias na zona para ampliar o valor engadido dos produtos endóxeos.
- Potenciar o aproveitamento turístico, tanto o rural, como o ecolóxico e o industrial
- Diversificación do tecido industrial nas zonas de valle respecto ao monopolio da lousa, consolidando unha estrutura económica sostible
- Potenciación do sector vitivinícola e do sector forestal
- Potenciar o desenvolvemento socioeconómico das zonas máis deprimidas e desfavorecidas (montaña)
- Mantemento e impulso dos aproveitamentos existentes, mediante axudas a convocatoria de eventos (feiras, exposicións, campamentos, excursión pola comarca,...),

- captación de novos mercados mediante a difusión das posibilidades da comarca (páxinas web,..), adecuación as novas demandas do mercado (accesibilidade, calidade,...)
- Fomento da produción a partir de fontes renovábeis.

A nivel Ambiental:

- Xestión racional dos recursos ambientais
- Xestión acorde cos principios de sostenibilidade
- Respeto do medioambiente en todas as actuacións a realizar

A nivel do Recursos humanos:

- Favorecer a fixación da poboación, mediante a creación de novos postos de traballo e mellora dos existentes.
- Maior formación mediante a impartición de cursos
- Mellora da calidade de vida, para asemellarse aos das zonas mais desenvolvidas.
- Apoio a formación e inserción laboral da poboación xove e das mulleres.
- Apoio a un colectivo de gran importancia, o da terceira idade, fomentando a atención as súas necesidades.

7 LIÑAS XENÉRICAS DE ACTUACIÓN

7.1 MEDIDA 411. DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

a- Investimentos no sector agrario:

- Aplicación de novas tecnoloxías de produción e apoio a novas técnicas de produción.
- Fomento da recuperación de cultivos agrícolas de variedades autóctonas. Fomento da industria ligada as produccions agrícolas da comarca (produtos incluídos no Anexo I de Tratado CE).
- Proxectos relacionados co apoio a novas liñas de produción. Creación de novos canais de comercialización e promoción dos existentes. Fomento do asociacionismo e cooperativismo.
- Proxectos que afecten a produccions extensivas en áreas ambientais sensíbeis.
- Proxectos relacionados coa mellora da eficiencia enerxéticas das explotacións. Aproveitamento dos recursos para a obtención de enerxía a partires de fontes renovábeis (biomasa, enerxía solares, enerxía eólica,..).
- Aplicación das TICs nas explotacións agrarias para a mellora dos rendementos.

b- Aumento do valor económico dos montes

- Posta en valor de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, fomentando os recursos forestais da comarca, así como a súa mellor utilización, baixo criterios de xestión forestal sustentábel. Non se inclúen plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Uso integral do medio rural e a multifuncionalidade dos sistemas agrícolas e forestais. Aproveitamento do bosque, dende o punto de vista productivo (aproveitamento da madeira, froitos, cogomelos). Potenciar o cultivo de especies aptas para os seu cultivo na zona coma o castiñeiro, a cerdeira,... mediante a realización de estudos e ensaios necesarios para a selección das variedades máis adecuadas para a comarca.

c-Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais:

- En tódolos casos preténdese **pechar o ciclo**, é dicir, ademais de aproveitar os produtos propios da comarca, é necesario potenciar a elaboración dos produtos (referidos no anexo I do tratado CE) mediante a instalación da industria correspondente na propia comarca.
- Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais

d- Cooperación para desenvolver novos produtos, proceso e tecnoloxías

- Axuda e organización cara á competencia nun mercado globalizado, promovendo as asociacións entre empresas e industrias (asociación de adegas, produtores de castaña,...), diferenciación dos produtos (Indicación Xeográfica Protexida, produción ecolóxica,...) fomentando así a obtención dun produto mais competitivo e con maiores posibilidades de acceso a axudas a nivel europeo ou internacional. Promoción conxunta dos valores da comarca, o turismo, os produtos agroforestais da zona (viño, embutidos, castaña, cogomelos, etc,..) creando unha marca Valdeorras como sinónimo de calidade.

7.2 MEDIDA 412. MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO NATURAL

a- Investimentos non produtivos en explotación agrarias.

- Actuacións realizadas para a mellora da paisaxe en zonas con alto valor natural ou para a recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria

b- Investimentos non produtivos en espazos forestais

- Restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade. Fomento do uso social, educativo e recreativo dos montes.

c- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.

7.3 MEDIDA 413 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA:

a- Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.

- Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades da propia explotación. Elaboración e venda de produtos artesanais. Agroturismo.

b- Creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES, en sectores da economía diferentes ao da produción agraria primaria. Fomentar o asentamento e/ou o crecemento da industria auxiliar da lousa e da viticultura na comarca. Producción de embalaxes, talleres de mecánica para o mantemento da maquinaria, servizos de mantemento das instalacións (eléctricas, fontanería,...). Outra actividade de gran importancia para a consecución da diversificación da estrutura empresarial da zona e o fomento das **microempresas** de servizos, que satisfagan as novas demandas. Fomento da industria ligada as producións agrícolas da comarca (produtos non incluídos no anexo I).

c- Fomento de actividades turísticas

- Creación de empresas de servizos de información cultural, turismo,... Creación de centros de interpretación da lousa, da industria vitivinícola e da hidroeléctrica.
- Ampliación da oferta de rutas de sendeirismo e a potenciación de novas oportunidades mediante a implantación de infraestruturas adicionais preparadas para a realización de campamentos, Fomento dos aproveitamentos naturais actuais (caza, pesca, sendeirismo,...).
- Fomentar unha nova forma de turismo para a zona, definido como turismo industrial, que pretende difundir o patrimonio industrial, relacionado intimamente coa tecnoloxía e o traballo. Estas visitas pódense realizar a todas as industrias da comarca, (a industria da lousa, a vitivinícola e as centrais hidroeléctricas,...). Con este fin, pretendese realizar uns centros de interpretación explicando o ciclo completo de cada un dos aproveitamentos industriais da zona e a realización de visitas in situ (das explotacións e do proceso de elaboración) de cada unha delas (dos viñedos e adegas no caso dos aproveitamentos vitivinícolas e da visita as canteiras e das naves de corte no caso da lousa), preparando uns circuitos acondicionados para ese fin. Tendo en conta a gran dispoñibilidade de recursos hídricos da zona, tanto de ríos como de encoros, é aconsellable o aproveitamento

deste potencial turístico, fomentando a implantación de pequenas empresas que organicen actividades acuático-deportivas como a pesca, o piragüismo, o windsurf,... Tamén é importante ampliar o aproveitamento turístico, mediante a organización dun turismo global da zona, é dicir a definición de rutas turísticas que abarquen os principais aspectos da comarca e/ou que inclúan a degustación dos produtos propios da comarca.

d- Servizos para a economía e a poboación rural

- Desenvolvemento das TICs no medio rural, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Por outra banda, para facer máis atractiva a comarca, (tanto para a fixación da poboación, como para a atracción de novos inversores) é necesaria a **mellora das infraestructuras** no tema de suministros de carácter tecnolóxico como unha boa cobertura para os teléfonos móbiles e a liña ADSL.
- Servizos á poboación dependente: centros de atención aos maiores (centro de día, servizos de asistencia a domicilio,...).
- Actuación encamiñadas para a inserción dos discapacitados, mediante o fomento dun centro de actividades específico para este sector da poboación e a realización de cursos e prácticas en empresas con vistas a súa posterior contratación.

d- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.

- Elaboración de plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e demais zonas de alto valor natural
- Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluíndo proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común sen finalidade produtiva
- Desenvolvemento de paraxes de alto valor natural
- Investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural

e- Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da estratexia

- Mantemento e impulso dos aproveitamentos existentes, mediante axudas a convocatoria de eventos (feiras, exposicións, excursión pola comarca,...)
- Captación de novos mercados mediante a difusión das posibilidades da comarca (páxinas web,...), adecuación as novas demandas do mercado (accesibilidade, calidade,...)
- Promoción para a creación ou asentamento de empresas de servizos forestais.
- Formación dos recursos humanos para a realización de traballos especializados, para a realización dos oficios dos novos postos de traballo que se pretenden crear.

8 COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

As Directrices Comunitarias Estratéxicas de Desenvolvemento Rural establecen que os Estados membros deben velar por que as actuacións financiadas polo Feader, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), o Fondo Social Europeo (FSE), e o Fondo de Cohesión, nunha zona dada en un ámbito concreto de actividade, deben ser complementarias e coherentes entre si.

Deste xeito, no curso da programación 2007-2013, é preciso alentar a complementariedade entre instrumentos comunitarios e as sinerxías entre a Política Estrutural, a Política de Emprego, e a Política de Desenvolvemento Rural.

Por outro lado, o Regulamento (CE) 1698/2005 do Feader sinala no seu artigo 3 que o fondo contribuirá á promoción do desenvolvemento rural sostíbel en toda a Comunidade, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da PAC, da Política de Cohesión e da Política Pesqueira Común.

Así mesmo, no artigo 5 do dito Regulamento establécese que a Comisión e os Estados membros se encargarán de coordinar a asistencia dos distintos fondos, o Feder, o FSE, o FC, o FEP e as intervencións do BEI e outros instrumentos financeiros comunitarios. Tamén garantirá a coherencia coas medidas financiadas polo Fondo Europeo de Garantía Agraria.

É dicir, o este programa de desenvolvemento rural contribuirá a complementar os programas con posible aplicación no territorio. Con es propósito se consideraran estas en todo momento, os recursos que delas se poidan derivar e a complementariedade con este programa.

9- NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

9.1. Límites de axuda pública máxima (cuantiativos e porcentaxes)

Proxectos incluídos na Ficha elixibilidade I:

A- porcentaxe máxima da axuda

- 45 % sobre o gasto subvencionable, como término xeral coas seguintes limitacións
 - No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fora das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña: 40% sobre o gasto subvencionable
 - No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25% sobre o gasto subvencionable

B- Importe máximo da axuda: 250.000 €

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

Tratándose de proxectos de cooperación para desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos non incluídos no anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000€ durante un período de tres exercicios fiscais.

Proxectos incluídos na Ficha elixibilidade II:

A- Porcentaxe máxima de axuda: 100%

B- Importe máxima de axuda pública: 250.000 €

Proxectos incluídos na Ficha elixibilidade III:

1- Proxectos de natureza productiva

A contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo

A- Porcentaxe máxima de axuda:

- 45% do gasto subvencionable para proxectos productivos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES.
- 45% do gasto subvencionable para proxectos productivos vinculados ao fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.
- 100% do gasto subvencionable para proxectos de natureza non productiva.

B- Importe máximo de axuda pública:

- 250.000 € para proxectos productivos vinculados coa diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES.
- 200.000 € para proxectos productivos vinculados ao fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural. Ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión , do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000€ durante un período de tres exercicios fiscais.

2- Proxectos de natureza non productiva

A-Porcentaxe máxima de axuda:

- 100% do gasto subvencionable para proxectos de natureza non productiva
- 100% para gastos de formación

B- Importe máximo de axuda pública:

- 250.000 € do gasto subvencionable para proxectos de natureza non productiva
- Amparase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión , do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000€ durante un período de tres exercicios fiscais.

Proxectos incluídos na Ficha elixibilidade IV:

A- Porcentaxe máxima de axuda:

- 12% do total do importe anual autorizado polo Agader para sufragar os gastos de funcionamento, para asistencias técnicas
- 100% de axuda pública para gastos destinados a adquisición de capacidades e promoción do territorio.
- 10% do total da medida 431 para encontros, xornadas, estudos, informes, viaxes e presenza en feiras, formación,....

B- Importe máximo de axuda pública:

- Gastos de persoal:

Xerente: 36.000 €/ano

Técnico: 28.000 €/ano

Administrativo: 18.000 €/ano

- 30.000 € por proxecto, para a elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou ferias, edición de libros ou guías, páxinas web,...
- 50.000 € por proxecto, para centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento. Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación xeral

Dentro dos **proxectos non produtivos**, establécense as seguintes categorías de priorización dos proxectos, ás que corresponden as intensidades máximas de axuda que se indican en cada caso:

- **Proxectos non produtivos de prioridade alta.** Intensidade de axuda até o 100%:

- ☐ Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- ☐ Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación.
- ☐ Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- **Proxectos non produtivos de prioridade media.** Intensidade de axuda até o 70%:

- ☐ Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- ☐ Centros de promoción de recursos e puntos de información turística.
- ☐ Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

- **Outros proxectos non produtivos.** Intensidade de axuda até o 50%:

- ☐ Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- ☐ Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- ☐ Sinalización de recursos turísticos.
- ☐ Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- ☐ Instalacións hípcas ou cinexéticas.
- ☐ Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

9.2. Criterios para a selección e priorización de proxectos

A- Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos

- Caracter innovador, entendido no só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
- Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobando especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

B- Baremo para proxectos productivos

Valoraranse os seguintes apartados:

2. Situación xeográfica

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto

- Indicador municipal da renda dos fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo IGE. Os concellos cun IMRF superior á media galega terán cero puntos neste criterio.

1.2. Características demográficas do concello onde se localiza o proxecto

- Variación da densidade de poboación entre os anos 2002-2007. Os concellos que gañasen poboación nese período, terán cero puntos neste criterio

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Priorizaránse os proxectos que se implante nas áreas mais rurais de cada concello. Asignarase máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos.

1.4. Outros criterios xeográficos: Inclusión de zona onde se localiza o proxecto en espazos naturais protexidos

2. Características do promotor do proxecto.

2.1. Favorecerase aqueles proxectos promovidos por colectivos como mulleres, mozos e persoas con discapacidade

2.2. Deberá valorarse o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto

3. Incidencia no emprego

3.1. Creación de emprego neto, e mantemento de empregos

3.2. Incidencia sobre determinados colectivos: mulleres, mozos, persoas con discapacidade

4. Impacto sobre o territorio

- 4.1. Capacidade de arrastre do proxecto. Valorará o posible efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona:
 - 4.1.1. Transformación de produtos da zona
 - 4.1.2. Porcentaxe de utilización, dentro dos input, de recursos endóxeos, que contribúa á valorización destes recursos
 - 4.1.3. Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes
- 4.2. Incidencia ambiental
 - 4.2.1. Utilización sustentable dos recursos endóxeos
 - 4.2.2. Contribución á biodiversidade e conservación de hábitats
 - 4.2.3. Xestión de recursos hídricos
 - 4.2.4. Contribución á prevención de incendios
- 4.3. Afinidade especial ou encaixe na estratexia do GDR

A nota de corte, a partir da cal se lle concederá subvención a cargo do Programa, serán os 32 puntos, correspondéndolle unha subvención do 30%.

A puntuación a partir da cal se lle asigna a porcentaxe de axuda máxima serán os 80 puntos.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, calcularase mediante unha relación directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

Baremo proxectos productivos				
Parámetro		Referencia	Calificación	Puntos
Situación xeográfica	Características económicas	IMRF	IMRF ≤ 70% da galega 70% < IMRF < 80 80% < IMRF < 90% 90% - 100% 100	10 7,5 5 2,5 0
	Características demográficas	Variación densidade de poboación	Disminución ≥ 10% Disminución 10%-7,5% Disminución 7,5%-5% Disminución 5-2,5% Disminución 2,5%-0% Aumento da poboación	15 12 9 6 3 0
	Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	Tamaño do núcleo de poboación (2007)	≤ 100 100-2500 ≥ 2500	10 5 0
	Outros criterios xeográficos	Incluído en espazos protexidos		5
Promotor			Muller Mozo Discapacidade Galego	3 3 3 1
Incidencia no emprego	Número de postos de traballo creado		≥ 3 postos de traballo 2 postos de traballo 1 posto de traballo Mantemento	10 8 6 3
	Colectivos afectados		Mozos Mulleres Discapacitados	4 4 4
Impacto sobre o territorio	Capacidade de arrastre do proxecto	Transformación de produtos da zona	Productos da zona Productos esóxenos	3 0
		Utilización de recursos endóxeos	Alta Media Baixa	4 2 0
		Capacidade de estimular novas iniciativas	Alta Media Baixa	3 2 1
	Incidencia ambiental	Utilización sustentable dos recursos endóxeos	Alta Media Baixa	2 1 0
		Contribución a biodiversidade	Alta Media Baixa	2 1 0
		Conservación dos hábitats	Alta Media Baixa	2 1 0
		Xestión de recursos hídricos	Alta Media Baixa	2 1 0
		Prevención de incendios	Alta Media Baixa	2 1 0
	Outros	Impacto sobre o territorio	Positivo	2
	Afinidade coa estratexia do GDR		Alta Media Baixa	2 1 0

C-Baremo para proxectos non productivos

Valoraranse os seguintes apartados:

1. Situación xeográfica
 - 1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto
 - Indicador municipal da renda dos fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo IGE. Os concellos cun IMRF superior á media galega terán cero puntos neste criterio.
 - 1.2. Características demográficas do concello onde se localiza o proxecto
 - Variación da densidade de poboación entre os anos 2002-2007. Os concellos que gañasen poboación nese período, terán cero puntos neste criterio
 - Densidade de poboación no ano 2007
 - 1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Priorizaránse os proxectos que se implante nas áreas mais rurais de cada concello. Asignarase máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos.
 - 1.4. Outros criterios xeográficos: Inclusión de zona onde se localiza o proxecto en espazos naturais protexidos
2. Características do promotor do proxecto e ámbito de actuación do proxecto
 - 2.1. Proxectos de entidade pública
 - 2.1. 1. Priorizaranse os proxectos cando o promotor sexa unha entidade pública
 - 2.1. 2. Priorizaranse os proxectos cun ámbito de actuación supramunicipal e/ou promovidos por entes supramunicipais, co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio e planificar as dotacións e servizos públicos
 - 2.2. Proxectos de promoción privada
 - 2.2.1. Priorización de proxectos con implicación de varias entidades
 - 2.2.2. Peso nesas entidades de determinados colectivos (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade,...)
 - 2.2.3. Ámbito supramunicipal do proxecto
 - 2.3. Uso da lingua galega
3. Impacto sobre o territorio
 - 3.1. Poboación beneficiada co proxecto
Incidencia obre a mellora da súa calidade de vida
 - 3.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego
 - 3.3. Incidencia ambiental

- 3.3.1. Utilización sustentable dos recursos endóxeos
- 3.3.2. Contribución a biodiversidade e conservación de hábitats
- 3.3.3. Xestión de recursos hídricos
- 3.3.4. Contribución á prevención de incendios
- 3.4. Incidencia sobre colectivos determinados
 - 3.4.1. Mocidade
 - 3.4.2. Promoción da igualdade entre homes e mulleres
 - 3.4.3. Integración de colectivos de especial dificultade

A nota de corte, a partir da cal se lle concederá subvención a cargo do Programa, serán os 35 puntos, correspondéndolle unha subvención do 40%.

A puntuación a partir da cal se lle asigna a porcentaxe de axuda máxima serán os 75 puntos.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, calcularase mediante unha relación directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

Baremo proxectos non productivos				
Parámetro		Referencia	Calificación	Puntos
Situación xeográfica	Características económicas	IMRF	IMRF ≤ 70% da galega 70% < IMRF < 80 80% < IMRF < 90% 90% - 100% 100	10 7,5 5 2,5 0
	Características demográficas	Variación densidade de poboación	Disminución ≥ 10% Disminución 10%-7,5% Disminución 7,5%-5% Disminución 5-2,5% Disminución 2,5%-0% Aumento da poboación	15 12 9 6 3 0
		Densidade de poboación	≤ 10 10-90 ≥ 90	7 5 0
	Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	Tamaño do núcleo de poboación	≤ 100 100-2500 ≥ 2500	10 5 0
	Outros criterios xeográficos	Espacios protexidos		5
Características promotor e ámbito de actuación do proxecto		Ámbito de actuación	Supramunicipal Municipal	5 2
		Promotor	Entidade pública Privado	5 2
	Promotor privado	Nº entidades implicadas	Varias entidades Unha soa entidade	3 1
		Colectivos incluídos nas entidades	Muller Mozo Discapacidade	2 2 2
	Utilización do galego			1
Impacto sobre o territorio	Poboación beneficiada		≥ 50% 10%-50% ≤ 10%	5 3 1
			Alta Media Baixa	3 2 1
			Alta Media Baixa	10 5 3
	Creación de emprego	Número de postos de traballo creado	≥ 3 postos de traballo 2 postos de traballo 1 posto de traballo mantemento	10 8 3 2
	Incidencia ambiental	Utilización sustentable dos recursos endóxenos		2
		Contribución a biodiversidade		2
		Conservación dos hábitats		2
		Xestión de recursos hídricos		1
		Prevenção de incendios		2
	Incidencia sobre colectivos	Mocidade		1
		Promoción igualdade sexos		1
		Integración colectivos de especial dificultade		1

9.4. O EQUIPO XESTOR

O obxectivo do procedemento de xestión é garantir o cumprimento dos principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência.

En xeral, tomaranse todas as medidas que se estimen oportunas para conseguir estes obxectivos.

En xeral, ante calquera cuestión a resolver durante a execución do programa, na que puidera influír algunha persoa do Grupo de Acción Local ou do Equipo Técnico, por ter un interese particular no asunto, evitárase a súa presenza ou participación.

▪ FUNCÍONS

Dentro das funcións que comprende a xestión do programa distinguiremos entre Órganos de goberno e Órganos de traballo:

Órganos de goberno:

- **Asemblea Xeral de Socios:** Correspóndelle a aprobación da memoria anual, contas e presuposto.
- **Xunta Directiva:** A Xunta directiva dispón duns dos máis amplos poderes para actuar no nome da Asociación e realizar calquera operación relativa ao cumprimento dos seus fins, dentro de estas operacións se encontran:
 1. Representar ao Grupo de Acción Local ante os distintos organismos das administracións europea, nacional, autonómica e local.
 2. Dirixir e supervisar o traballo do equipo técnico.
 3. Dirixir e facer seguimento do programa para alcanzar os obxectivos propostos.
 4. Aprobar o pago das axudas aos beneficiarios, unha vez coñecidos os informes e certificacións do equipo técnico.
 5. Aprobación das iniciativas e proxectos que serán financiados polo programa, a partir dos informes aportados polo equipo técnico, e previa consulta co Consello Asesor.

6. Aprobación de cantos documentos enmarquen a xestión do programa de desenvolvemento.
7. Contratación do equipo técnico propio ou contratación externa destes servicios, así como de asistencias técnicas.

Órganos de Traballo:

- **Consello Asesor:** A súa función é unicamente consultiva. É o órgano consultivo de carácter técnico que cumpre as funcións de asesoramento, estudo e análise das iniciativas propostas para a súa incursión no programa e apoio aos órganos de decisión.

- o Funcións:

- Estimación da oportunidade da iniciativa
- Valoración da súa viabilidade técnica e financeira
- Reformulación da proposta inicial para a súa adecuación á zona, a o seu promotor/es, á viabilidade mesma do proxecto, etc....
- Incitación ao traballo conxunto ou coordinado entre iniciativas de carácter similar
- Definición de proxectos, soporte ou de apoio que garantiren a eficacia doutras iniciativas
- Estudio de propostas singulares de carácter exemplificador, que motiven a implantación de iniciativas en novos sectores
- Etc..

- **Responsable Administrativo e Financeiro (RAF):** É a persoa con capacidade de control e fiscalización do gasto público designada pola entidade local coa que o Grupo de Acción Local subscribiu un acordo para a realización desta función.

- o Funcións:

- Fiscalización do gasto
- Recoñecemento da obriga e pago
- Autorización do libramento

O RAF deberá comprobar e velar polo cumprimento dos requisitos e condicións esixidas ao beneficiario no Réxime de Axudas, de acordo coas seguintes fases:

- Fase de fiscalización da proposta de gasto pola que se acorda a concesión de subvencións e, para poder contraer o correspondente compromiso de gasto, requirirase a existencia e comprobación de:
 - o Solicitud subscrita polo beneficiario en prazo e forma
 - o Acta-certificación de que a inversión, gasto ou proxecto non fora iniciada
 - o Informe técnico-económico suscrito pola xerencia e a súa adecuación aos criterios de valoración contidos tanto no presente procedemento de xestión como nos requisitos específicos establecidos no Réxime de Axudas
 - o Escritúreas, títulos de lexitimación, proxectos técnicos, permisos e autorizacións previas esixibles
 - o Acordo coa GAL tomado polo órgano competente no que se especifique a inversión aprobada e a subvención concedida, de acordo cos termos que, en forma motivada, constarán na acta da sesión correspondente
 - o Contrato subscrito entre o beneficiario e o presidente do GAL ou cargo delegado, no que se especifique a inversión aprobada, a subvención concedida, por fonde de financiamento, o prazo de execución dos compromisos e forma de xustificación do cumprimento dos mesmos
 - o Existencia de dotación económica dispoñible, que a imputación do proxecto é a adecuada á natureza do mesmo, e que o importe das axudas non superan os límites establecidos
 - o Existencia de dictame favorable de subvencionabilidade
 - o Documento que reflicte que o promotor está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social nos termos sinalados no Réxime de Axudas
 - o Cumprimento dos principios de publicidade, concorrência, obxectividade e imparcialidade
 - o Cando se concedan anticipos a conta da subvención, que non superen o 40% da mesma, ademais das comprobacións sinaladas anteriormente,

verificarase a existencia de solicitude do promotor de acordo de concesión e do outorgamento das garantías que procedan no seu caso.

- Fase de recoñecemento da obriga de pago: A existencia e comprobación de:
 - o O acordo de concesión e que se fiscalizara de conformidade
 - o O certificado de existencia e compromiso de gasto
 - o O cumprimento dos requisitos establecidos no Réxime de Axudas e do presente procedemento de xestión
 - o No caso de concorrencia con outras axudas, a súa compatibilidade
 - o Que os xustificantes da inversión e pago efectivo, así como os relativos ao cumprimento do resto dos compromisos asumidos polo beneficiario, correspóndense cos establecidos no contrato e nas demais normas reguladoras da subvención
 - o Cando se efectúe o pago en exercicios posteriores ao da concesión, comprobar que os perceptores da subvención se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
 - o A existencia de certificación da xerencia na que se acredite a execución material do proxecto e a súa inversión
 - o Cando se trate de certificacións parciais, a comprobación terase que axustar aos termos sinalados neste apartado

Unha vez verificados os requisitos anteriores, a persoa que exerza as funcións encomendadas como RAF autorizará, conxuntamente co Tesorero e o Presidente, ou outros membros da Xunta Directiva establecidos e con firma autorizada, o libramento da subvención correspondente.

- **Xerente:** Corresponde ao Xerente a dirección técnica e financeira de programa baixo a dirección e supervisión da Xunta Directiva á que terá permanentemente informada da marcha e incidencias do programa a través do presidente do GAL e de outros membros da Xunta Directiva en aquelas tarefas que foran encomendadas de forma expresa.

O Xerente en encomendadas todas a tarefas que corresponden ao equipo técnico e é o primeiro responsable de tódolos traballos. Non obstante, como máximo responsable

encomendará e distribuirá traballo e responsabilidades entre os distintos compoñentes do equipo, reservándose en exclusiva, ademais das de dirección e coordinación, as seguintes tarefas:

- Determinará as necesidades de formación e reciclaxe do equipo
- É o conducto habitual de comunicación entre o equipo técnico e a Xunta Directiva
- Presenta os informes do programa ante a Xunta Directiva: grado de execución do programa, situación financeira, pagos das iniciativas, ingresos das distintas administracións, execución das iniciativas do grupo, etc..
- Asesora aos órganos de decisión do GAL na toma de decisións, informando e documentando os requisitos e esixencias do programa en cada decisión concreta que toman
- Convoca ao Consello asesor e preparar os temas de estudio a tratar
- A petición do presidente, preparación dos ordenes do día e convocatoria dos órganos de decisión
- Solicita a intervención do RAF nos momentos da tramitación de expedientes na que está previsto, facilitándolle toda a documentación e información necesaria a tal fin
- Presentará a Xunta Directiva para a aprobación por esta das subvencións: o informe técnico-económico das iniciativas, toda a documentación esixida e presentada por cada promotor, a calificación de elixibilidade da inversión, a fiscalización do gasto por parte do RAF, a baremación obtidas por iniciativas, a proposta de subvención, así como toda documentación e información adicional de cada iniciativa obre en poder do equipo técnico e poda facilitar a toma de decisións
- Relacións e xestións coas entidades de crédito coas que traballa o GAL
- A custodia e arquivo da documentación do programa, tanto a que é propia do GAL como a correspondente a todas e cada unha das iniciativas
- Funcións de representación técnica do Grupo ante determinadas convocatorias dos organismos intermediarios, así como de outras convocatorias a proposta de distintas entidades

- **O Equipo Técnico:** Asume a execución ordinaria dos traballos de xestión e administración asociados ao programa de desenvolvemento, e máis expresamente:
 - o O control e seguimento das accións e iniciativas enmarcadas no programa de desenvolvemento
 - o O control e a supervisión dos documentos, requisitos e trámites que acompañan a solicitude de axuda, o seguimento das iniciativas e proxectos, as comprobacións das xustificacións de inversión e os comprobantes de pago, etc..
 - o O desenvolvemento das actuacións administrativas asociadas a execución do programa
 - o Traballos de información e difusión do programa, así como de sensibilización de grupos de actividade económica, social, cultural, empresarial da comarca, para contar coa súa implicación no programa
 - o Participación en actos de difusión do programa: en foros sobre desenvolvemento rural: en encontros e seminarios relacionados co traballo (designados pola Xunta Directiva)
 - o Xestión económica-financeira do Programa. Este cometido comprende, entre outras cousas, as seguintes funcións
 - Reaxuste dos cadros financeiros
 - Elaboración de informes e soportes financeiros para facilitar o traballo da Xunta Directiva e da intervención
 - Elaboración de presupostos e balances por medidas para a regulación financeira anual; o control de gastos dos fondos, análise de previsións financeiras
 - Balance de situación do Programa (cumprimento das medidas) e necesidade de cofinanciación pública e privada)
 - Facilitar a información oportuna que xenera a U.E. e as administracións nacionais sobre aspectos administrativos e financeiros
 - Colaboración na búsqueda de fontes complementarias de financiamento

- Estudio e aplicación ao Programa da normativa de funcionamento proposta polo organismo intermediario a escala estatal e autonómica

▪ **RESPONSABILIDADES**

As responsabilidades con respecto á xestión do programa veñen dadas en realización ás funcións que foron indicadas para cada organismo de decisión e traballo, e mais expresamente, nas persoas de:

- O presidente: a responsabilidade do presidente fundamentase na delegación de competencias que lle outorga o Grupo, de modo que é o responsable último da xestión do programa. Neste sentido, correspóndelle ao presidente, controlar o traballo dos órganos asociados ao grupo, supervisar a xestión, representar ao Grupo ante terceiros, etc..
- O secretario: asume a responsabilidade asociada á fiel transcripción e a garda dos documentos que refrendan os acordos subscritos polo órganos de decisión do Grupo de Acción Local, a maioría dos cales fan referencia directa a xestión do programa
- O Responsable Administrativo Financeiro: asume a responsabilidade asociada a función que asume de velar pola correcta administración dos fondos incluídos no programa, e pola idoneidade na aplicación dos criterios legais aplicables en cada caso, a tenor do convenio de colaboración firmado entre a entidade municipal que se determine e o Grupo de Acción Local
- O xerente: corresponde ao xerente asumir as responsabilidades que se deriven do cumprimento das funcións de coordinación e dirección do equipo técnico do Grupo de Acción Local.

En todo caso, as responsabilidades indicadas obedecen ao que podería denominarse responsabilidade competencial, entendendo que se trata de aquela que cada persoa ou órgano asume por delegación ou competencia no desenvolvemento do programa e pola que debe responder no sedo do propido Grupo de Acción Local.

9.5.PLAN DE DIFUSIÓN

Independentemente das particularidades das actuacións aquí descritas, todas as accións cumprirán a normativa Feader.

Os mecanismos de divulgación do programa de desenvolvemento responden aos principios de transparencia, publicidade, igualdade e libre concorrência e se propoñen, como obxectivo prioritario, dar a coñecer a aplicación, xestión dos fondos do programa de desenvolvemento e as actividades que se enmarcan en dito programa

Durante a posta en marcha do Programa realizaranse dous tipos de actuacións de difusión: unha ao público en xeral e outra centrada nun público obxectivo, determinado e máis concreto.

Para a difusión do Programa ao público en xeral recurrirase aos medios de comunicación (prensa escrita, radio, televisión, internet), á realización de carteis publicitarios e a reunións.

Para as tarefas de difusión dirixidas a colectivos considerados específicos, a difusión centrarase nunha acción de animación “directa”, e dirixida especialmente aos axentes que son potenciais promotores de proxectos de gran interese e importancia do territorio, é dicir, forman parte fundamental dos eixes estratéxicos de desenvolvemento. Dada a maior eficacia dunha combinación de ambos tipos de difusión optarase por facela combinada. A máis xeral permite garantir a transparencia, mentres que as formas máis personalizadas fomentan a mobilización dos promotores de proxectos e garanten unha maior definición da estratexia deseñada.

A) Obxectivos específicos da difusión do Programa de Desenvolvemento:

- ☐ Difundir á poboación a existencia da Asociación, e abrir as súas portas a todo tipo de colaboracións.
- ☐ Motivar, sensibilizar e involucrar á poboación nesta nova iniciativa de desenvolvemento local.
- ☐ Facer partícipe á poboación da problemática territorial identificada, así como das potencialidades que presenta o territorio.
- ☐ Acercar a existencia do Proxecto global do desenvolvemento e explicar os eixes estratéxicos nos que este se sustenta.
- ☐ Recibir da poboación suxerencias, iniciativas e dificultades.

- Dar a coñecer as liñas de axuda financeira existentes, así como os lugares a onde dirixirse con ideas ou proxectos.
- Realización dun programa de difusión de prácticas innovadoras.

B) Actividades a realizar :

- **Seminarios.** Realizaranse dous tipos de xornadas. O primeiro tipo estará integrado polos seminarios de inicio e finalización do proxecto, destinados a facilitar a participación e a dar conta dos principais resultados conseguidos. O segundo tipo estará formado polas xornadas ou mesas redondas de carácter temático que puideran ser necesarias para a difusión de determinadas actuacións, ao marxe das xa descritas ao longo do documento.
- **Páxina Web.** Crearase un sitio web xeral do proxecto, no que se incluírá a información relevante que se vaia xerando en cada momento (datos do Observatorio Local, empresas de inserción, oferta formativa, iniciativas creadas ou en curso, etc.), os principais resultados das investigacións (oportunidades de emprego detectadas na zona, etc.), os enlaces con outras informacións relevantes para o proxecto (bases de datos, bolsas de traballo, etc.)
- **Folletos informativos.** Elaboraranse diversos folletos informativos para contribuír a reforzar a labor de difusión do proxecto entre o conxunto da sociedade local e os diferentes axentes implicados.
- **Difusión na prensa local.** Ademais da publicación dun breve resumen da estratexia, unha vez que se poña en marcha o programa publicarase regularmente un especial nun diario local acerca do G.A.L. (presentación de proxectos realizados, promotores, información de avaliacións intermedias, proxectos innovadores realizados en outros territorios, etc...)
- **Publicacións.** Se prevé a realización dunha publicación ao final do proxecto que recolla os principais logros conseguidos en cada unha das diferentes actuacións e que sirva para o posterior deseño de novas actuacións, así como os obstáculos e dificultades máis importantes que foi necesario vencer ao longo da súa execución.

Plan de Difusión de Prácticas Innovadoras.

Inclúen neste plan as seguintes actuacións

- Realización de Xornadas de difusión de boas prácticas e medidas innovadoras. A súa finalidade sería dar a coñecer os elementos máis interesantes do proxecto en ambos sentidos e de aprender, a súa vez, doutras experiencias.

- Realización de publicacións destinadas a difundir prácticas innovadoras e exemplares. A súa finalidade sería dar a coñecer os elementos máis interesantes do proxecto e aprender, a súa vez, doutras experiencias.
- Incorporación das accións, en especial daquelas que sexan exemplares e innovadoras na páxina web do proxecto.
- Realización de Xornadas de difusión de boas prácticas na igualdade de oportunidades. A súa finalidade sería dar a coñecer os elementos máis interesantes do proxecto e aprender, a súa vez, de outras experiencias.

C) Programación temporal:

Traballarase en dous niveles, un será a información permanente durante toda a duración do programa, e outro será a difusión inicial unha vez concedido o Programa.

Coa dobre finalidade de dar publicidade ao programa e de ir creando na poboación identificación co territorio que abarca o Proxecto.

Outras liñas para alcanzar a progresiva cohesión territorial será a elaboración de información publicitaria conxunta da comarca: recursos turísticos, histórico-artísticos, naturais, colectivos de interese, actuacións conxuntas en outros programas, etc.

Nombrarase así mesmo un representante ou encargado na Asociación de elaborar e enviar colaboracións periódicas aos medios de comunicación.

D) Difusión das necesidades de persoal laboral ou colaboradores.

Todas as necesidades de persoal laboral ou colaboradores se publicitarán, como mínimo no ámbito de actuación da Asociación.